

ACTA NÚM. 8 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE XUÑO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:36 horas** do día **15 de xuño de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, secretario do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 28 de decembro de 2016 (núm. 22).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación inicial da modificación do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno.**
- 4. Aprobación inicial da modificación do Regulamento do Consello Municipal de Saúde.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para o acondicionamento, mellora e promoción das áreas fluviais de Chaián e Barciela.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para realizar unha diagnose, plan de reparacións e mantemento dos muros e beirarrúas de Fontiñas.**
- 7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a colaboración co cumprimento das decisións xudiciais, o recoñecemento do papel das forzas de seguridade do Estado e a defensa e protección da propiedade privada.**
- 8. Proposición do grupo municipal do BNG, para controlar a actividade asociada ao vertedoiro de Grixoa, que recibe residuos de fora de Santiago de Compostela.**
- 9. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en defensa da especialización dun xulgado en Santiago para atender os litixios das “cláusulas solo”.**
- 10. Dar conta do informe anual correspondente ao 2016, de queixas e suxestións.**

11. Dar conta de resolución de alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local.

12. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

13. Comparecencia da concelleira delegada de emprego, acordada na sesión plenaria ordinaria de 18 de maio de 2017.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de comezar a tratar os asuntos que conforman a orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2016 (NÚM. 22).

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a acta correspondente á sesión plenaria extraordinaria do día 28 de decembro de 2016, núm. 22.

Unha vez rematado o punto primeiro da orde do día, pasan a intervir na sesión plenaria, pola seguinte orde: Don José Miguel Saguillo Fernández Vega, en relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da filosofía no ensino; Don Xosé Manuel IglesiasIglesias, en relación á moción presentada polo BNG, relativa á recuperación do servizo público de notificacións; Don Vicente Couselo Carollo, en relación á moción presentada polo BNG sobre a urbanización da rúa do Valiño; e Don PeioOrmazabal Díaz, en relación á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, relativa á situación que están a vivir os veciños da rúa Fernando III O Santo, por mor dun local de ocio.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO PLENO.

A proposta do Sr. Alcalde de modificación do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, de data 1 de xuño de 2017, ten o seguinte contido:

“Martíño Noriega Sánchez, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobación inicial de modificación do Regulamento Orgánico do Concello de Santiago de Compostela -aprobado o 27 de decembro de 2007 e publicado no BOP da Coruña do 31 de xaneiro de 2008 (anexo I)- de acordo cos trámites sinalados no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

As modificacións que se propoñen son as seguintes:

Artigo 43.3 coa seguinte redacción:

3. A Xunta de Portavoces reunirase cando sexa convocada polo presidente ou presidenta do Pleno, por decisión propia ou solicitude motivada do/da Portavoz de calquera dos Grupos Municipais que integran a Corporación Municipal. Neste último caso o Presidente deberá convocar a mesma no prazo máximo de 5 días hábiles desde a solicitude.

Artigo 44.2 coa seguinte redacción:

2. Poderá ser tratada pola Xunta de Portavoces, ademais, calquera outra cuestión relacionada co funcionamento das sesións do Pleno ou de relevancia municipal

Artigo 52 coa seguinte redacción:

Poderán asistir ás sesións do Pleno, previa convocatoria da Presidencia, con voz e sen voto, altos cargos e persoal do Concello, para os efectos de intervir nos debates en asuntos que formen parte da orde do día, sen prexuízo das facultades de ordenación que corresponden ao seu presidente ou presidenta.

Artigo 61 coa seguinte redacción:

2. En cada sesión do Pleno substanciaranse, como máximo por cada grupo político, dúas proposicións, unha comparecencia, tres rogos, tres preguntas, unha interpelación e catro mocións e unha moción de urxencia. No caso de presentarse a moción de urxencia computarase dentro do número máximo de mocións que corresponde a cada grupo político.

Artigo 68 coa seguinte redacción:

Cando, a xuízo do presidente ou presidenta, no desenvolvemento dun debate se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes que afecten ao decoro ou dignidade da persoa ou conduta dun concelleiro ou concelleira ou membro da Xunta de Goberno que non posúa tal condición, poderá concedérselle ao aludido ou aludida o uso da palabra por tempo non superior a dous minutos para que, sen entrar no fondo do asunto obxecto de debate, conteste estritamente ás alusións realizadas.

Artigo 73 coa seguinte redacción:

Sen prexuízo das singularidades establecidas no capítulo cuarto do Título VII para o debate sobre o Estado do Concello, e no Título VI para a aprobación de ordenanzas e regulamentos e para a aprobación do Orzamento Xeral da entidade, no caso de promoverse debate, as intervencións serán ordeadas pola Presidencia de acordo coas seguintes regras:

1.-Só poderá facerse uso da palabra, previa autorización do Presidente/a.

2.-Inicio do debate. O debate iniciárase cunha exposición e xustificación do ditame, proposta, proposición ou moción, incluídas as de urxencia, a cargo dun membro da Comisión do Pleno que a ditaminara ou, nos demais casos, dalgún dos membros da Corporación que subscriban a proposta, proposición ou moción, en nome propio ou do colectivo ou órgano municipal proponente, que non se prolongará máis de cinco minutos, salvo para as mocións, incluídas as de urxencia, que non se prolongará máis de catro minutos.

A exposición e xustificación das propostas da Alcaldía poderá ser efectuada por esta ou polo Concelleiro/a que designe, así como as da Xunta de Goberno por un dos seus membros.

3.-Regras comúns para as quendas de debate:

-As quendas xerais de intervención dos grupos políticos municipais serán iniciadas en orde inversa á súa importancia numérica, e no caso de empate, o que teña menor número de votos populares; se houberse concelleiros/as non adscritos, iniciaranse coa intervención destes.

-Poderá concedérselle unha duración superior para as quendas de intervención dos diversos grupos para aqueles asuntos que pola súa transcendencia así o requiran.

4.-Primeira quenda. A continuación da exposición ou xustificación, os diversos grupos consumirán unha primeira quenda.

A Presidencia velará para que todas as intervencións teñan unha duración igual en tempo e non superarán os cinco minutos salvo para as mocións, incluídas as de urxencia, que non superarán os catro minutos.

5.-Segunda quenda. Se o solicitara algún grupo, procederase a unha segunda quenda de intervencións, por un tempo nunca superior a tres minutos, salvo para as mocións, incluídas as de urxencia, que non será superior a dous minutos.

Nesta quenda non poderán tratarse cuestión que signifiquen unha reiteración de argumentos xa esgrimidos ou que non acheguen nada novo ao tema debatido.

Consumida esta quenda, a Presidencia poderá dar por terminada a discusión que se pechará cunha intervención de quen defendera a proposta, na que manifestará, durante un tempo máximo de un minuto, se a rectifica ou ratifica.

6.-Rematado o debate e inmediatamente antes do sometemento do asunto a votación, a Presidencia poderá facer uso da palabra por un período máximo de tres minutos, para os efectos de puntualizar ou precisar a súa opinión sobre a cuestión debatida.

7.-Emendas. No caso de presentación de emendas, procederase ao debate, unha vez feita a exposición ou xustificación, pola súa orde de presentación, no que poderán intervir dous minutos o relator/a da emenda, e outros dous minutos o relator/a do ditame, proposta e proposicións e mocións.

A) Se o relator/a manifesta a súa aceptación da emenda, concederáselles, se o solicitan, unha única quenda de un minuto aos restantes grupos e concelleiros/as ou non adscritos, para que expoñan a súa posición ao respecto. Finalizado o debate de cada emenda, procederase á súa votación, salvo para as emendas as proposicións e mocións que se rexerán polo disposto no apartado C) da regra 6.

No caso de que o relator/a acepte unha ou varias das emendas presentadas, abrírase unha segunda quenda de intervencións, que versará sobre o texto así emendado.

Nesta segunda quenda non poderán tratarse cuestión que signifiquen unha reiteración de argumentos xa esgrimidos ou que non acheguen nada novo ao tema debatido.

A quenda pecharase coa intervención de que defenderá a proposta, procedendo á votación do ditame, proposta, proposición ou moción, coa incorporación das modificacións que procedan á vista das emendas aceptadas.

B) Se o relator/a manifesta o seu rexeitamento, a continuación someteranse a votación, sen máis debate, a proposta de acordo ou texto do ditame, proposta, proposición ou

moción iniciais, salvo que algún grupo, de acordo co regra 5 deste artigo, solicite unha segunda quenda.

C) As emendas ás proposicións e mocións, incluídas as de urxencia, non serán obxecto de votación por separado. Finalizado o debate do asunto, someterase a votación do texto da proposición ou da moción coas emendas aceptadas polo proponente da iniciativa.

D) Sen prexuízo do establecido neste apartado para as emendas, ao inicio do debate formal o Presidente poderá suprimir estostornos de intervención garantizando polo tempo imprescindible o pronunciamento dos grupos políticos en relación as emendas presentadas. Neste caso, a posición sobre as emendas expresarase durante o debate do asunto.

8.- Durante a duración do debate e sempre antes do anuncio do sometemento do asunto á votación, o Secretario/a Xeral poderá dirixirse á Presidencia para que lle conceda o uso da palabra ao obxecto de precisar algunha cuestión necesaria para o esclarecemento do fondo da cuestión debatida ou sobre a súa pertinencia legal.

Artigo 80 coa seguinte redacción:

1. Poderán gravarse as sesións que celebre o órgano Plenario do Concello.
2. Cando se optase pola gravación das sesións celebradas ou polo emprego de documentos en soporte electrónico, deberán conservarse de forma que se garantice a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano colexiado.
3. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar na mesma os puntos principais das deliberacións.
4. A referida gravación recibirá o nome de Acta audiovisual ou sonora. As actas plenarias adoptan o sistema de Acta audiovisual ou sonora.

A Acta audiovisual ou sonora define un documento electrónico e multimedia, composto alomenos polos seguintes elementos:

-Acta sucinta: Documento electrónico que contén os puntos da orde do día dunha sesión ou reunión dun órgano colexiado e os acordos adoptados. Dependendo do tipo de sesión, a acta sucinta poderá ter un formato específico.

- Documento audiovisual ou vídeo ou sonora: Gravación en vídeo ou soporte sonoro de todo o ocorrido na sesión contendo audio, imaxes ou son. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores e intégrase no documento electrónico de forma enlazada.

-Sinatura electrónica: A sinatura electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión que dota de fehaciencia e efectos de Dereito ao Documento. Esta sinatura realízase facendo uso do certificado de sinatura de dita persoa. A Acta audiovisual ou sonora será tamén asinada polo seu Presidente.

5. De acordo co apartado anterior, a Acta audiovisual ou sonora é un documento público e oficial, rubricado e validado pola persoa titular da Secretaría, en función de fe pública. En consecuencia, débense gardar todas as cautelas respecto do seu manexo e tratamento, sendo recomendable evitar a descarga total ou parcial e a republicación habida conta de que os principios de transparencia e publicidade salvagárdanse igualmente co mero visionado da parte audiovisual ou reprodución da parte sonora, as cales se atopan a disposición de todas as persoas no seu sitio oficial sen límite de reproducións. O incumprimento do deber de cautela previsto no presente artigo dará lugar a responsabilidade nos casos nos que o tráfico ou redifusión da Acta audiovisual ou sonora prexudique a imaxe ou os intereses corporativos.

6. Permitirase a gravación das sesións públicas do Pleno por parte de particulares. Sen prexuízo da iniciativa cidadá, o Concello promoverá a gravación de todas as sesións e a súa posterior publicación en plataformas accesibles para a cidadanía. Estas gravacións de titularidade local estarán rubricadas por quen exerce a secretaría do Pleno, mediante certificado electrónico, no exercicio das súas funcións de fe pública.

7. No non previsto na presente disposición, será de aplicación ás Actas audiovisuais ou sonoras o réxime xurídico vixente das Actas.

Artigo 85 coa seguinte redacción:

1.Os grupos políticos poderán, sempre que se formalice a presentación, mediante escrito dirixido ao Presidente/a, ante o Rexistro da Secretaría do Pleno cunha antelación mínima de cinco días hábiles respecto da sesión correspondente, formular ao Pleno propostas de resolución para o debate e votación, que recibirán a denominación de mocións. As mocións así formalizadas incluíranse na orde do día.

2.Os grupos políticos poderán someter a consideración do Pleno unha moción por razón de urxencia dentro do número máximo de mocións que corresponde a cada grupo político recollido no artigo 61, sempre que a presentación se formalice ante o Rexistro da Secretaría do Pleno ata as catorce horas do segundo día hábil anterior á celebración

da sesión ordinaria do Pleno correspondente, salvo no suposto excepcional de que posteriormente se produzan acontecementos relevantes e imprevisibles, caso no que poderán presentarse durante a sesión plenaria. A Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mocións de urxencia á Alcaldía, ás portavocías dos grupos políticos e aos membros non-adscritos do Pleno. A persoa autora da moción xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará ao inicio da sesión sobre a procedencia da súa inclusión. Só se o resultado da votación fose positivo, para o que se requirirá a maioría absoluta legal de membros da Corporación, procederase ao debate e votación da mesma, segundo o desenvolvemento previsto para as proposicións dos grupos políticos.

Artigo 90.1 coa seguinte redacción:

1. Unha vez exercida a iniciativa normativa pola Xunta de Goberno, o proxecto, xunto coa documentación complementaria, seralle remitido ao secretario ou secretaria xeral do Pleno, quen lle dará conta ao presidente ou presidenta do Pleno e, pola súa orde, llo remitirá á comisión competente. No mesmo día en que se reciba o expediente na Comisión, o proxecto remitiráselle para o seu estudo aos membros desta, os cales poderán presentar emendas ao seu articulado durante un prazo non inferior a 5 días hábiles desde a data que o recibisen e ata o día hábil anterior a aquel en que estea prevista a celebración da sesión da Comisión na que se someta a ditame o proxecto. As emendas dirixiráselle ao presidente ou presidenta da devandita comisión, e presentaranse no Rexistro do Pleno.

Artigo 94.1 coa seguinte redacción:

1. Poderán formular proposicións normativas os grupos políticos, coa soa sinatura do seu ou da súa portavoz e dun número de concelleiros e/ou concelleiras non inferior a dous.

Artigo 95 a) coa seguinte redacción:

a) A proposición normativa, acompañada da exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para poder pronunciarse sobre ela, someterase, por un prazo de trinta días, a informe xurídico e, de ser o caso, a informe técnico e económico, dentro do mesmo prazo indicado.

Artigo 104.1 coa seguinte redacción:

1. Estarán en condicións de seren incluídas na orde do día do Pleno as preguntas de resposta oral presentadas na Secretaría con, polo menos, cinco días hábiles de antelación respecto da sesión correspondente.

Artigo 105.2 e 105.3 coa seguinte redacción:

2. O tempo para a exposición de cada pregunta non poderá exceder de tres minutos, e para a contestación de tres minutos.

3. O concelleiro/a autor/a da pregunta poderá intervir a continuación para volver preguntar ou para replicar e, seguidamente, contestará o membro do Equipo de Goberno, co que se pechará o debate, sen que haxa lugar a votación. O tempo para volver a preguntar non poderá exceder de un minuto, e para a réplica de un minuto.

Artigo 107 coa seguinte redacción:

A contestación por escrito ás preguntas deberá realizarse dentro do mes seguinte á súa presentación no rexistro do Pleno. Este prazo poderá prorrogarse, a petición motivada do destinatario ou destinataria da pregunta e por acordo do presidente ou presidenta do Pleno, por outro prazo de ata dez días máis.

Non respostadas no prazo previsto no parágrafo anterior, os Grupos Municipais poderán solicitar a inclusión de ata dúas preguntas, de entre as presentadas por cada un deles, na orde do día da seguinte sesión ordinaria do Pleno, onde recibirá o tratamento das preguntas orais. O disposto neste parágrafo non exime do cumprimento, para as restantes preguntas que non reciban o tratamento de preguntas orais, da súa contestación no prazo establecido. No caso de preguntas complexas o presidente ou presidenta do Pleno poderá habilitar o tempo de intervención necesario para formular e responder ditas preguntas

Artigo 108.2 e 108.4 coa seguinte redacción:

2. Deberanse presentar no Rexistro do Pleno con, polo menos, cinco días hábiles de antelación respecto da sesión na que se vaian debater se se trata de rogos que se vaian tramitar ante o Pleno, e de vinte e catro horas se van tramitarse en Comisión.

4. O tempo para o debate de cada rogo non poderá exceder de catro minutos, repartidos a partes iguais pola Presidencia entre as dúas partes que interveñen. O debate constará dunha intervención do autor ou autora do rogo, seguida dunha intervención do Equipo de Goberno.

Novo capítulo II bis e artigo 108 bis coa seguinte redacción:

CAPÍTULO II bis

DAS INTERPELACIÓNS

Artigo 108 bis. Interpelacións

1.- Os grupos políticos, a través do seu ou da súa portavoz, os concelleiros e/ou concelleiras poderán, no Pleno, formular unha interpelación ao Goberno Municipal e a cada un dos seus membros.

2.- A interpelación deberá presentarse na Secretaría do Pleno con, polo menos, cinco días hábiles de antelación respecto da sesión correspondente e plantexarán unha cuestión sobre os motivos ou propósitos dunha determinada actuación ou proxecto de Goberno Municipal, co obxecto de obter explicacións ao respecto.

3.-O Presidente ou Presidenta, oída a Xunta de Portavoces, non admitirá a trámite as interpelacións nos seguintes supostos:

a) As que se refiran a asuntos alleos ao ámbito de competencia do Concello.

b) As interpelacións que sexan de exclusivo interese persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada.

c) As interpelacións en cuxos antecedentes ou formulación se profiran palabras ou se vertan conceptos contrarios ás regras de cortesía.

d) As interpelacións que supoñan unha consulta de índole estritamente xurídica.

e) As que puideran ser reiterativas doutra interpelación substanciada durante o mesmo ano natural ante o Pleno ou ante unha das súas comisións.

f) As interpelacións que dean lugar á elaboración administrativa de listas, relacións ou documentos análogos, que teñan por obxecto única e exclusivamente dar resposta a dita pregunta e deban canalizarse pola vía do artigo 18 do presente regulamento.

4.- Poderán acumularse a efectos de tramitación as interpelacións relativas ao mesmo obxecto ou obxectos conexos entre si.

5.- As interpelacións substanciaranse ante o Pleno dando lugar a un turno de exposición polo autor/a da interpelación que non poderá exceder de cinco minutos; á contestación do equipo de goberno que non poderá exceder de sete minutos e a sendostornos de réplica e dúplica que non poderán exceder de seis minutos repartidos a partes iguais polo Presidente/a entre as dúas partes intervincentes.

Artigo 109.2 último parágrafo coa seguinte redacción:

No obstante o anterior, os cargos aos que se refire o apartado 1 deste artigo, poderán aceptar comparecer na sesión ordinaria na que se inclúe a solicitude de comparecencia, sempre que o soliciten con antelación á convocatoria da mesma, mediante escrito dirixido á Secretaría do Pleno.

Artigo 114.1, coa seguinte redacción:

1. Con periodicidade anual terá lugar unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ao debate do estado do Concello, e corresponderalle ao presidente ou presidenta do Pleno fixar a data de celebración da sesión, a proposta do alcalde ou alcaldesa.

Nova disposición transitoria cuarta coa seguinte redacción:

O previsto no artigo 80 aplicarase ás actas das sesións pendentes de aprobación polo Pleno con anterioridade á entrada en vigor desta modificación.”

Con respecto a esta proposta emite informe o señor secretario con data 2 de xuño de 2017, co seguinte contido.

“I.- CONTIDO

Se trata da modificación do regulamento publicado no BOP en 31 de xaneiro de 2008.

O regulamento é de natureza orgánica, segundo o contido do artigo 123.1 c) da lei 5/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL). No presente informe non se valoran os aspectos de oportunidade e discrecionalidade que no exercicio da potestade de autoorganización poida acordar o órgano Colexiado.

O regulamento considerase axustado a normativa básica de aplicación que se contén fundamentalmente na: LRBRL, Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e R.D 2568/198 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

II.- PROCEDIMENTO

Dado o contido do regulamento enténdese de aplicación o artigo 133.4 da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que indica que poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas, “no caso de normas organizativas” (como é o caso), e tampouco ten un” impacto significativo na actividade económica”,salvo que polo órgano correspondente se decida o contrario.

A Xunta de Goberno Local prestou aprobación ao proxecto de regulamento o 2/6/17.

O procedemento para a súa aprobación é o que se contén no artigo 49 da LRBRL, de acordo os seguintes trámites:

- a) Polo contido do proxecto de modificación do presente regulamento (natureza orgánica), a súa aprobación inicial requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (artigo 123.1. c) e 123.2 da LRBRL.
- b) Información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións ou suxerencias.
- c) Resolución de tódalas reclamacións e suxerencias presentadas dentro de prazo e aprobación definitiva polo Pleno da Corporación coa mesma maioría.

d) Publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, a tenor do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985.

En todo caso de non producirse reclamacións ou suxerencias durante o período de exposición pública, a aprobación inicial será elevada automaticamente a definitiva, unha vez transcorrido o devandito prazo.

O Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e tendo transcorrido o prazo de 15 días, previsto no artigo 65.2 en relación co 70.2 da LRBRL.

Deberá publicarse así mesmo no portal correspondente, aos efectos previstos na normativa sobre transparencia.

Isto é o que se informa sen prexuízo de calquera outro informe mellor fundamentado en Dereito.”

Presentan emendas a texto do Regulamento, con data de rexistro de entrada do día 6 de xuño do corrente ano, os grupos políticos do PSdeG-PSOE e Partido Popular, co seguinte contido:

Emendas do Grupo Socialista, aos artigos 100.2 e 100.4 do Regulamento Orgánico do Pleno, cunha nova redacción co seguinte contido:

“Artigo 100.2. As emendas ao proxecto de orzamentos que supoñan aumento de créditos nalgún concepto, unicamente poderán ser admitidas a trámite se propoñen unha baixa de igual contía na mesma área de gasto.

Do mesmo xeito, as emendas de supresión ou minoración aos estados de gastos do orzamento xeral do concello só poderán ser admitidas a trámite se supoñen un incremento por igual contía na mesma área de gasto orzamentaria.”

“Artigo 100.4. As emendas ao proxecto de orzamentos que supoñan minoración ou incremento de ingresos remitiranselle á Xunta de Goberno Local e aos servizos económicos para que emitan informe nun prazo máximo de 7 días antes da celebración da Comisión Informativa de Facenda na que se someta a ditame o proxecto de orzamentos. A aprobación das mesmas requirirá informe da intervención xeral.

As emendas aos estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos inicialmente previstos só poderán ser admitidas a trámite se propoñen unha baixa por

igual contía do estado de gastos. A aprobación das mesmas requirirá informe da intervención xeral.”

Emenda do grupo municipal do Partido Popular, pedindo a supresión do seguinte apartado da Proposta da Alcaldía de modificación do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno:

“Artigo 73.6. Rematado o debate e inmediatamente antes do sometemento do asunto a votación a Presidencia poderá facer uso da palabra por un período máximo de tres minutos, para os efectos de puntualizar ou precisar a súa opinión sobre a cuestión debatida.”

As devanditas emendas foron ditaminadas favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, do día 8 de xuño de 2017.

Con posterioridade, o 12 de xuño de 2017, presenta o grupo municipal de Compostela Aberta, emendas ao ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas en relación ás emendas transcritas dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular, no senso de manter a redacción dos artigos 100.2 e 100.4 tal e como se recollen no regulamento orgánico en vigor; e o artigo 73.6 tal e como aparece recollido na proposta de modificación do Regulamento.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, acorda:

Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do Partido Popular, estimar a emenda de Compostela Aberta en relación ádo Partido Popular de supresión do artigo 73.6, polo que queda aceptada, manténdose a redacción inicial que figura na proposta da Alcaldía.

Por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, e 3 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 11 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e BNG (9 PP e 2 BNG), estimar a emenda de Compostela Aberta á presentada polo grupo municipal Socialista, e en consecuencia manter a redacción dos artigos 100.2 e 100.4 que figura no Regulamento Orgánico do Pleno en vigor.

Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación:

a) Aprobación inicial das modificacións do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, que teñen o seguinte contido:

“Artigo 43.3 coa seguinte redacción:

3. A Xunta de Portavoces reunirse cando sexa convocada polo presidente ou presidenta do Pleno, por decisión propia ou solicitude motivada do/da Portavoz de calquera dos Grupos Municipais que integran a Corporación Municipal. Neste último caso o Presidente deberá convocar a mesma no prazo máximo de 5 días hábiles desde a solicitude.

Artigo 44.2 coa seguinte redacción:

2. Poderá ser tratada pola Xunta de Portavoces, ademais, calquera outra cuestión relacionada co funcionamento das sesións do Pleno ou de relevancia municipal.

Artigo 52 (suprimido)

Artigo 61 coa seguinte redacción:

2. En cada sesión do Pleno substanciaranse, como máximo por cada grupo político, dúas proposicións, unha comparecencia, tres rogos, tres preguntas, unha interpelación e catro mocións e unha moción de urxencia. No caso de presentarse a moción de urxencia computarase dentro do número máximo de mocións que corresponde a cada grupo político.

Artigo 68 coa seguinte redacción:

Cando, a xuízo do presidente ou presidenta, no desenvolvemento dun debate se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes que afecten ao decoro ou dignidade da persoa ou conduta dun concelleiro ou concelleira ou membro da Xunta de Goberno que non posúa tal condición, poderá concedérselle ao aludido ou aludida o uso da palabra por tempo non superior a dous minutos para que, sen entrar no fondo do asunto obxecto de debate, conteste estritamente ás alusións realizadas.

Artigo 73 coa seguinte redacción:

Sen prexuízo das singularidades establecidas no capítulo cuarto do Título VII para o debate sobre o Estado do Concello, e no Título VI para a aprobación de ordenanzas e regulamentos e para a aprobación do Orzamento Xeral da entidade, no caso de promoverse debate, as intervencións serán ordenadas pola Presidencia de acordo coas seguintes regras:

1.- Só poderá facerse uso da palabra, previa autorización do Presidente/a.

2.- Inicio do debate. O debate iniciárase cunha exposición e xustificación do ditame, proposta, proposición ou moción, incluídas as de urxencia, a cargo dun membro da Comisión do Pleno que a ditaminara ou, nos demais casos, dalgún dos membros da Corporación que subscriban a proposta, proposición ou moción, en nome propio ou do colectivo ou órgano municipal proponente, que non se prolongará máis de cinco minutos, salvo para as mocións, incluídas as de urxencia, que non se prolongará máis e catro minutos.

A exposición e xustificación das propostas da Alcaldía poderá ser efectuada por esta ou polo Concelleiro/a que designe, así como as da Xunta de Goberno por un dos seus membros.

3.-Reglas comúns para as quendas de debate:

-As quendas xerais de intervención dos grupos políticos municipais serán iniciadas en orde inversa á súa importancia numérica, e no caso de empate, o que teña menor número de votos populares; se houberse concelleiros/as non adscritos, iniciaranse coa intervención destes.

- Poderá concedérselle unha duración superior para as quendas de intervención dos diversos grupos para aqueles asuntos que pola súa transcendencia así o requiran.

4.- Primeira quenda. A continuación da exposición ou xustificación, os diversos grupos consumirán unha primeira quenda.

A Presidencia velará para que todas as intervencións teñan unha duración igual en tempo e non superarán os cinco minutos salvo para as mocións, incluídas as de urxencia, que non superarán os catro minutos.

5.- Segunda quenda. Se o solicitara algún grupo, procederase a unha segunda quenda de intervencións, por un tempo nunca superior a tres minutos, salvo para as mocións, incluídas as de urxencia, que non será superior a dous minutos.

Nesta quenda non poderán tratarse cuestión que signifiquen unha reiteración de argumentos xa esgrimidos ou que non acheguen nada novo ao tema debatido.

Consumida esta quenda, a Presidencia poderá dar por terminada a discusión que se pechará cunha intervención de quen defendera a proposta, na que manifestará, durante un tempo máximo de un minuto, se a rectifica ou ratifica.

6.- Rematado o debate e inmediatamente antes do sometemento do asunto a votación, a Presidencia poderá facer uso da palabra por un período máximo de tres minutos, para os efectos de puntualizar ou precisar a súa opinión sobre a cuestión debatida.

7.- Emendas. No caso de presentación de emendas, procederase ao debate, unha vez feita a exposición ou xustificación, pola súa orde de presentación, no que poderán intervir dous minutos o relator/a da emenda, e outros dous minutos o relator/a do ditame, proposta e proposicións e mocións.

A) Se o relator/a manifesta a súa aceptación da emenda, concederáselles, se o solicitan, unha única quenda de un minuto aos restantes grupos e concelleiros/as ou non adscritos, para que expoñan a súa posición ao respecto. Finalizado o debate de cada emenda, procederase á súa votación, salvo para as emendas as proposicións e mocións que se rexerán polo disposto no apartado C) da regra 6.

No caso de que o relator/a acepte unha ou varias das emendas presentadas, abrírase unha segunda quenda de intervencións, que versará sobre o texto así emendado.

Nesta segunda quenda non poderán tratarse cuestión que signifiquen unha reiteración de argumentos xa esgrimidos ou que non acheguen nada novo ao tema debatido.

A quenda pecharase coa intervención de que defenderá a proposta, procedendo á votación do ditame, proposta, proposición ou moción, coa incorporación das modificacións que procedan á vista das emendas aceptadas.

B) Se o relator/a manifesta o seu rexeitamento, a continuación someteranse a votación, sen máis debate, a proposta de acordo ou texto do ditame, proposta, proposición ou moción iniciais, salvo que algún grupo, de acordo co regra 5 deste artigo, solicite unha segunda quenda.

C) As emendas ás proposicións e mocións, incluídas as de urxencia, non serán obxecto de votación por separado. Finalizado o debate do asunto, someterase a votación do texto da proposición ou da moción coas emendas aceptadas polo proponente da iniciativa.

D) Sen prexuízo do establecido neste apartado para as emendas, ao inicio do debate formal o Presidente poderá suprimir estasquendas de intervención garantindo polo tempo imprescindible o pronunciamento dos grupos políticos en relación as emendas presentadas. Neste caso, a posición sobre as emendas expresarase durante o debate do asunto.

8.- Durante a duración do debate e sempre antes do anuncio do sometemento do asunto á votación, o Secretario/a Xeral poderá dirixirse á Presidencia para que lle conceda o uso da palabra ao obxecto de precisar algunha cuestión necesaria para o esclarecemento do fondo da cuestión debatida ou sobre a súa pertinencia legal.

Artigo 80 coa seguinte redacción:

1. Poderán gravarse as sesións que celebre o órgano Plenario do Concello.
2. Cando se optase pola gravación das sesións celebradas ou polo emprego de documentos en soporte electrónico, deberán conservarse de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano colexiado.
3. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar na mesma os puntos principais das deliberacións.
4. A referida gravación recibirá o nome de Acta audiovisual ou sonora. As actas plenarias adoptan o sistema de Acta audiovisual ou sonora.

A Acta audiovisual ou sonora define un documento electrónico e multimedia, composto alomenos polos seguintes elementos:

-Acta sucinta: Documento electrónico que contén os puntos da orde do día dunha sesión ou reunión dun órgano colexiado e os acordos adoptados. Dependendo do tipo de sesión, a acta sucinta poderá ter un formato específico.

- Documento audiovisual ou vídeo ou sonora: Gravación en vídeo ou soporte sonoro de todo o ocorrido na sesión contendo audio, imaxes ou son. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores e intégrase no documento electrónico de forma enlazada.

-Sinatura electrónica: A sinatura electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión que dota de fehaciencia e efectos de Dereito ao Documento. Esta sinatura realízase facendo uso do certificado de sinatura de dita persoa. A Acta audiovisual ou sonora será tamén asinada polo seu Presidente.

5. De acordo co apartado anterior, a Acta audiovisual ou sonora é un documento público e oficial, rubricado e validado pola persoa titular da Secretaría, en función de fe pública. En consecuencia, débense gardar todas as cautelas respecto do seu manexo e tratamento, sendo recomendable evitar a descarga total ou parcial e a republicación habida conta de

que os principios de transparencia e publicidade salvagárdanse igualmente co mero visionado da parte audiovisual ou reprodución da parte sonora, as cales se atopan a disposición de todas as persoas no seu sitio oficial sen límite de reproducións. O incumprimento do deber de cautela previsto no presente artigo dará lugar a responsabilidade nos casos nos que o tráfico ou redifusión da Acta audiovisual ou sonora prexudique a imaxe ou os intereses corporativos.

6. Permitirase a gravación das sesións públicas do Pleno por parte de particulares. Sen prexuízo da iniciativa cidadá, o Concello promoverá a gravación de todas as sesións e a súa posterior publicación en plataformas accesibles para a cidadanía. Estas gravacións de titularidade local estarán rubricadas por quen exerce a secretaría do Pleno, mediante certificado electrónico, no exercicio das súas funcións de fe pública.

7. No non previsto na presente disposición, será de aplicación ás Actas audiovisuais ou sonoras o réxime xurídico vixente das Actas.

Artigo 85 coa seguinte redacción:

1.Os grupos políticos poderán, sempre que se formalice a presentación, mediante escrito dirixido ao Presidente/a, ante o Rexistro da Secretaría do Pleno cunha antelación mínima de cinco días hábiles respecto da sesión correspondente, formular ao Pleno propostas de resolución para o debate e votación, que recibirán a denominación de mocións. As mocións así formalizadas incluíranse na orde do día.

2.Os grupos políticos poderán someter a consideración do Pleno unha moción por razón de urxencia dentro do número máximo de mocións que corresponde a cada grupo político recollido no artigo 61, sempre que a presentación se formalice ante o Rexistro da Secretaría do Pleno ata as catorce horas do segundo día hábil anterior á celebración da sesión ordinaria do Pleno correspondente, salvo no suposto excepcional de que posteriormente se produzan acontecementos relevantes e imprevisibles, caso no que poderán presentarse durante a sesión plenaria. A Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mocións de urxencia á Alcaldía, ás portavocías dos grupos políticos e aos membros non-adscritos do Pleno. A persoa autora da moción xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará ao inicio da sesión sobre a procedencia da súa inclusión. Só se o resultado da votación fose positivo, para o que se requirirá a maioría absoluta legal de membros da Corporación, procederase ao debate e votación da mesma, segundo o desenvolvemento previsto para as proposicións dos grupos políticos.

Artigo 90.1 coa seguinte redacción:

1. Unha vez exercida a iniciativa normativa pola Xunta de Goberno, o proxecto, xunto coa documentación complementaria, seralle remitido ao secretario ou secretaria xeral do

Pleno, quen lle dará conta ao presidente ou presidenta do Pleno e, pola súa orde, llo remitirá á comisión competente. No mesmo día en que se reciba o expediente na Comisión, o proxecto remitiráselle para o seu estudo aos membros desta, os cales poderán presentar emendas ao seu articulado durante un prazo non inferior a 5 días hábiles desde a data que o recibisen e ata o día hábil anterior a aquel en que estea prevista a celebración da sesión da Comisión na que se someta a ditame o proxecto. As emendas dirixiráselle ao presidente ou presidenta da devandita comisión, e presentaranse no Rexistro do Pleno.

Artigo 94.1 coa seguinte redacción:

1. Poderán formular proposicións normativas os grupos políticos, coa soa sinatura do seu ou da súa portavoz e dun número de concelleiros e/ou concelleiras non inferior a dous.

Artigo 95 a) coa seguinte redacción:

a) A proposición normativa, acompañada da exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para poder pronunciarse sobre ela, someterase, por un prazo de trinta días, a informe xurídico e, de ser o caso, a informe técnico e económico, dentro do mesmo prazo indicado.

Artigo 104.1 coa seguinte redacción:

1. Estarán en condicións de seren incluídas na orde do día do Pleno as preguntas de resposta oral presentadas na Secretaría con, polo menos, cinco días hábiles de antelación respecto da sesión correspondente.

Artigo 105.2 e 105.3 coa seguinte redacción:

2. O tempo para a exposición de cada pregunta non poderá exceder de tres minutos, e para a contestación de tres minutos.

3. O concelleiro/a autor/a da pregunta poderá intervir a continuación para volver preguntar ou para replicar e, seguidamente, contestará o membro do Equipo de Goberno, co que se pechará o debate, sen que haxa lugar a votación. O tempo para volver a preguntar non poderá exceder de un minuto, e para a réplica de un minuto.

Artigo 107 coa seguinte redacción:

A contestación por escrito ás preguntas deberá realizarse dentro do mes seguinte á súa presentación no rexistro do Pleno. Este prazo poderá prorrogarse, a petición motivada

do destinatario ou destinataria da pregunta e por acordo do presidente ou presidenta do Pleno, por outro prazo de ata dez días máis.

Non respostadas no prazo previsto no parágrafo anterior, os Grupos Municipais poderán solicitar a inclusión de ata dúas preguntas, de entre as presentadas por cada un deles, na orde do día da seguinte sesión ordinaria do Pleno, onde recibirá o tratamento das preguntas orais. O disposto neste parágrafo non exime do cumprimento, para as restantes preguntas que non reciban o tratamento de preguntas orais, da súa contestación no prazo establecido. No caso de preguntas complexas o presidente ou presidenta do Pleno poderá habilitar o tempo de intervención necesario para formular e contestar ditas preguntas.

Artigo 108.2 e 108.4 coa seguinte redacción:

2. Deberanse presentar no Rexistro do Pleno con, polo menos, cinco días hábiles de antelación respecto da sesión na que se vaian debater se se trata de rogos que se vaian tramitar ante o Pleno, e de vinte e catro horas se van tramitarse en Comisión.

4. O tempo para o debate de cada rogo non poderá exceder de catro minutos, repartidos a partes iguais pola Presidencia entre as dúas partes que interveñen. O debate constará dunha intervención do autor ou autora do rogo, seguida dunha intervención do Equipo de Goberno.

Novo capítulo II bis e artigo 108 bis coa seguinte redacción:

CAPÍTULO II bis

DAS INTERPELACIÓNS

Artigo 108 bis. Interpelacións

1.- Os grupos políticos, a través do seu ou da súa portavoz, os concelleiros e/ou concelleiras poderán, no Pleno, formular unha interpelación ao Goberno Municipal e a cada un dos seus membros.

2.- A interpelación deberá presentarse na Secretaría do Pleno con, polo menos, cinco días hábiles de antelación respecto da sesión correspondente e plantexarán unha cuestión sobre os motivos ou propósitos dunha determinada actuación ou proxecto de Goberno Municipal, co obxecto de obter explicacións ao respecto.

3.-O Presidente ou Presidenta, oída a Xunta de Portavoces, non admitirá a trámite as interpelacións nos seguintes supostos:

a) As que se refiran a asuntos alleos ao ámbito de competencia do Concello.

- b) As interpelacións que sexan de exclusivo interese persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada.
- c) As interpelacións en cuxos antecedentes ou formulación se profiran palabras ou se vertan conceptos contrarios ás regras de cortesía.
- d) As interpelacións que supoñan unha consulta de índole estritamente xurídica.
- e) As que puideran ser reiterativas doutra interpelación substanciada durante o mesmo ano natural ante o Pleno ou ante unha das súas comisións.
- f) As interpelacións que dean lugar á elaboración administrativa de listas, relacións ou documentos análogos, que teñan por obxecto única e exclusivamente dar resposta a dita pregunta e deban canalizarse pola vía do artigo 18 do presente regulamento.

4.- Poderán acumularse a efectos de tramitación as interpelacións relativas ao mesmo obxecto ou obxectos conexos entre si.

5.- As interpelacións substanciaranse ante o Pleno dando lugar a unha quenda de exposición polo autor/a da interpelación que non poderá exceder de cinco minutos; á contestación do equipo de goberno que non poderá exceder de sete minutos e a sendas quendas de réplica e dúplica que non poderán exceder de seis minutos repartidos a partes iguais polo Presidente/a entre as dúas partes intervinientes.

Artigo 109.2 último parágrafo coa seguinte redacción:

No obstante o anterior, os cargos aos que se refire o apartado 1 deste artigo, poderán aceptar comparecer na sesión ordinaria na que se inclúe a solicitude de comparecencia, sempre que o soliciten con antelación á convocatoria da mesma, mediante escrito dirixido á Secretaría do Pleno.

Artigo 114.1, coa seguinte redacción:

1. Con periodicidade anual terá lugar unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ao debate do estado do Concello, e corresponderalle ao presidente ou presidenta do Pleno fixar a data de celebración da sesión, a proposta do alcalde ou alcaldesa.

Nova disposición transitoria cuarta coa seguinte redacción:

O previsto no artigo 80 aplicárase ás actas das sesións pendentes de aprobación polo Pleno con anterioridade á entrada en vigor desta modificación.”

b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións ou suxestións.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de prazo e aprobación definitiva polo Pleno da Corporación coa mesma maioría.

d) Publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, a tenor do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985.

De non producirse reclamacións ou suxestións durante o período de exposición pública, a aprobación inicial será elevada automaticamente a definitiva, unha vez transcorrido o devandito prazo.

O Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e tendo transcorrido o prazo de 15 días, previsto no artigo 65.2 en relación co 70.2 da LRBRL.

Deberá publicarse así mesmo no portal correspondente, aos efectos previstos na normativa sobre transparencia.

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE.

A proposta da concelleira de políticas sociais, diversidade e saúde, en relación ao asunto do epígrafe, emitida con data 8 de maio de 2017, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1.-A LeyGeneral de Sanidad (14/1986 de 25 de abril) e a Lei do Servizo Galego de Saúde (1/1989 do 2 de xaneiro) regulamentan a creación, composición e funcións dos Consellos de Saúde en dous ámbitos: o da Comunidade Autónoma e o da Área de Saúde. Ademais o artigo 53.3 da primeira das leis citadas que en ámbitos territoriais diferentes aos referidos no apartado anterior (refírese ao apartado 53.2, no que se alude á Comunidade Autónoma e á Área de Saúde) a Comunidade Autónoma deberá garantir unha efectiva participación. En consecuencia, para alén do estipulado no RPC do que se dotou este Concello, a lexislación supramunicipal deixa aberta a posibilidade de que se pidan crear, no ámbito territorial dos Concellos, os Consellos Municipais de Saúde.

2.-O Concello de Santiago aprobou o texto do Regulamento do Consello Municipal de saúde polo Pleno da Corporación o 28 de setembro de 2000, conforme ó establecido no artigo 49 da Lei reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/99, e

publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña o luns 25 de agosto de 2003, BOP número 194.

3.-A concelleira responsable de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, Concepción Fernández Fernández, convocou aos membros do Consello Municipal de Saúde a unha xuntanza co obxecto de constituír o Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, que tivo lugar o día 19 de xaneiro de 2016, as 17.00 horas no Pazo de Raxoi.

4.-Por decreto da Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela con data 15 de xaneiro de 2016 resólvese delegar a secretaría do Consello Municipal de Saúde, en D.Jorge Carballido Salgado, psicólogo adscrito á UMAD e á concellería de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde

5.-En sesión plenaria do 17 de marzo de 2016 aprobouse, de acordo co establecido no artigo número 3 do Regulamento do Consello Municipal de Saúde, (texto aprobado polo Pleno da Corporación o 28 de setembro de 2000, e publicado no BOP de A Coruña o luns 25 de agosto de 2003, no boletín nº 194), a designación dos membros do Consello Municipal de Saúde.

6.-Con data 3 de marzo de 2017 da comezo a exposición por prazo de un mes no portal Web Municipal para someter o texto da modificación do regulamento a consulta pública, para escoitar opinións de suxeitos e das organizacións representativas potencialmente afectadas pola futura normas. Dito prazo rematou o 3 de abril de 2017 tal e como indica a certificación emitida polo servizo de atención á cidadanía.

7.-Con data 8 de maio, o Vicesecretario do Concello de Santiago, José Ramón Alonso Fernández emite informe favorable, si ben no informe, sinala unha contradición para solventar antes da aprobación inicial e que deberá ser incorporada ao ditame da Comisión Informativa. Refírese a unha contradición entre o artigo 4 e o 5 do proxecto de regulamento en canto a designación do secretario do Consello, parecendo máis axustada a redacción do artigo 5. E tamén no artigo 7.6, parece máis correcto falar do “Pleno do Consello” e non referirse simplemente a Pleno.

CONSIDERACIÓNS:

1.-O obxectivo da iniciativa é actualizar o órgano consultivo de participación comunitaria para a consulta, asesoramento e seguimento das accións en materia de promoción da saúde e da actividade sanitaria no ámbito municipal.

2.-O vixente Regulamento do Consello Municipal de saúde de Santiago foi aprobado polo Pleno da Corporación o 28 de setembro de 2000. Obviamente o tempo transcorrido

dende a aprobación daquel primeiro texto ata hoxe, fixo que fora necesario revisar e actualizar algunhas cuestións da estrutura, da disposición do mesmo e da incorporación de novos axentes.

3.-A alternativa de continuar co actual Regulamento non parece acaída, entre outras razóns, porque os actuais e continuos cambios sociais demandantes de accións sanitarias, estruturas organizativas totalmente diferentes e xeitos de relacións entre administracións actuais fan necesario a actualización do Regulamento.

4.-Á ampliación do número de vogais, organización e funcións concretas de todos os membro do Consello (Presidente, Vicepresidente, Secretaria e Vocais). A posibilidade de creación, temporal ou permanente, de Comisións de Traballo coa finalidade de alcanzar resultado a curto prazo. A periodicidade das xuntanzas, a xestión das convocatorias extraordinarias e ordinarias fan que sexa preciso modificar no regulamento co fin de ter elementos concretos e prácticos para conseguir os obxectivos do Consello.

5.-A indeterminación na duración dos mandatos, a rotacións dos vogais, a súa continuidade, nomeamento de substitutos, son regulamentacións que non existen no vixente convenio pero que precisanse para funcionamento do mesmo.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de Santiago para a súa debate e aprobación o seguinte **ACORDO**:

A aprobación inicial de modificación do regulamento do Consello Municipal de Saúde de Santiago de Compostela.”

O proxecto de Regulamento foi aprobado na sesión da Xunta de Goberno de data 5 de maio de 2017.

Así mesmo, emite informe sobre a proposta da concelleira, o vicesecretario con data 8 de maio de 2017.

Xa que logo, o Pleno da Corporación á vista do ditame favorable emitido pola Comisión informativa da área social e cultura con data 8 de xuño de 2017, acorda por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación:

a) Aprobación inicial das modificacións do Regulamento do Consello Municipal de Saúde de Santiago de Compostela.

b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións ou suxestións.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de prazo e aprobación definitiva polo Pleno da Corporación coa mesma maioría.

d) Publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, a tenor do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985.

De non producirse reclamacións ou suxestións durante o período de exposición pública, a aprobación inicial será elevada automaticamente a definitiva, unha vez transcorrido o devandito prazo.

O Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e tendo transcorrido o prazo de 15 días, previsto no artigo 65.2 en relación co 70.2 da LRBRL.

Deberá publicarse, así mesmo no portal correspondente, aos efectos previstos na normativa sobre transparencia.

O texto do Regulamento coas modificacións, que veñen de aprobarse inicialmente, ten o seguinte contido:

INDICE

Artigo 1. Natureza

Artigo 2. Ámbito de actuación

Artigo 3. Funcións do Consello Municipal de Saúde

Artigo 4. Composición

- Presidente/a
- Vicepresidente/a
- Vogais
- Secretaría

Artigo 5. Organizacións e funcións

- Dos/as membros
- Da Presidencia
- Da Vicepresidencia

-Da Secretaría

Artigo 6. Comisións de traballo

Artigo 7. Xuntanzas e acordos

Artigo 8. Convocatoria das xuntanzas

Artigo 9. Duración do mandato

Artigo 10. Sede

Disposición derogatoria

Disposición final única. Entrada en vigor

Artigo 1. Natureza

O Consello Municipal de Saúde é un órgano colexiado de participación comunitaria para a consulta, asesoramento e seguimento das accións en materia de protección e promoción da saúde, así como da actividade sanitaria no ámbito municipal.

O Consello Municipal de Saúde establécese en base ás previsións que sobre a participación cidadá nos asuntos municipais, dispón o artigo 71 da Lei de 5/97 do 22 de xullo da administración local de Galicia, os artigos 1 e 69 da LRBRL e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeada no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago de Compostela; sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

Os estudos, propostas e informes emitidos polo Consello son de carácter informativo e con fins consultivas, non vinculantes. En consecuencia, configúrase como un órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

Artigo 2. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación do Consello Municipal de Saúde é coincidente cos límites e competencias municipais e sempre referido á temas de saúde pública. Non obstante, este Consello procurará a coordinación e colaboración con outros Concellos e outras entidades, públicas e privadas, que transcendan o ámbito municipal aos efectos de procurar información, realizar propostas ou trasladar solicitudes, naqueles casos que poidan incidir nas actuacións deste Consello.

Artigo 3. Funcións do Consello Municipal de Saúde

Son funcións deste Consello, a representación e canalización da participación comunitaria en temas de saúde ou asesoramento e a elaboración de propostas de actuación en materia de saúde, así como o seguimento das mesmas.

Corresponde ao Consello de Saúde:

1. Coñecer e participar no diagnóstico de saúde que realice o Concello.
2. Coñecer e participar na elaboración do Plan de Saúde Municipal.
3. Promover a realización de informes de impacto en saúde das iniciativas municipais, especialmente aquelas relacionadas con desenvolvemento urbano.
4. Participar no desenvolvemento, seguimento e avaliación dos programas municipais de saúde.
5. Canalizar e promover a participación da comunidade nas actividades de promoción e protección da saúde e en especial, de educación para a saúde e envellecemento activo.
6. Canalizar e valorar cantas iniciativas e suxestións permitan mellorar a atención sanitaria na área de saúde.
7. Promover e propor solucións corresponsables e coordinadas aos problemas de saúde que afectan ao ámbito municipal.
8. Avaliar, no ámbito das súas competencias, a adecuación dos recursos materiais e humanos existentes no Concello de Santiago en materia sanitaria.
9. Propoñer e informar ás Administracións con responsabilidade sanitaria na zona sobre calquera asunto que afecte á promoción, protección e asistencia sanitaria, no termo municipal.
10. Recompilar tanta información sexa necesaria para o cumprimento das anteditas funcións.
11. Elaborar o regulamento de funcionamento interno, para a súa aprobación por parte do Pleno Municipal.

Artigo 4. Composición

O Consello Municipal de Saúde estará formado polos seguintes órganos: Presidente/a, Vicepresidente/a, vocais e Secretaría.

Presidente/a:

Alcalde/sa ou membro da corporación no que delegue.

Vicepresidente/a:

Concelleiro/a delegado de Saúde

Vogais:

Un representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación.

Dous representantes da administración sanitaria.

Dous representantes designados pola Xunta de Persoal da Área Sanitaria.

Dous representantes dos colexios profesionais do ámbito das Ciencias da Saúde con sede en Santiago de Compostela.

Dous representantes das asociacións de usuarios/as e pacientes.

Dous representantes veciñais designados polos representantes que o movemento veciñal ten no Consello de Relacións Veciñais.

Dous representantes da Universidade de Santiago de Compostela.

Un/ha representante do Movemento Galego Pola Saúde Mental.

Un/ha representantes da Asociación Galega de Saúde Mental.

Un/ha representante das Asociacións Galegas de Médicos Especialistas de Atención Primaria de ámbito Galego.

Un/ha representante da Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria.

Un/ha representante da Área de Medioambiente do Concello de Santiago de Compostela.

Un/ha representante da asociación Foro Galego da Inmigración.

Un/ha experto do ámbito da promoción para saúde e o envellecemento activo.

Secretaría

Actuará como titular da Secretaría, un traballador/a do Concello, adscrito á Área de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde ou calquera outra Concellería que asuma estas funcións, con voz e sen voto, designado por Alcaldía, a proposta do Secretario/a Xeral.

Artigo 5. Organización e funcións

Son funcións dos/as membros:

1. Propoñer asuntos a incluír na orde do día das sesións.
 2. Participar nos debates das sesións.
 3. Formular propostas en relación cos asuntos fixados na orde do día.
 4. Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
 5. Formular iniciativas, preguntas e suxestións.
 6. Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
 7. Respetar a confidencialidade da información que adquira pola súa condición de membro do Consello, aínda con posterioridade ao seu cesamento.
 8. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.
- Os/as membros do Consello non poderán atribuírse as funcións de representación asignadas a este, salvo que expresamente se lles outorgase por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.
 - En casos de ausencia ou de enfermidade, e en xeral cando concorra unha causa xustificada, os/as membros do Consello serán substituídos polos/as seus/súas suplentes, se os houberse. As organizacións sindicais e asociacións cidadás poderán substituír aos seus representantes titulares por outros/as, acreditándoo ante o Secretario/a do Consello, que dará traslado ao Pleno do Consello.
 - No nomeamento dos/as membros terase en conta o establecido o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos sexos na súa composición. Así como o previsto no Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, de igualdade. Neste senso, á hora de propor dous representantes, sempre serán unha muller e un home, ou viceversa. E igualmente, para o caso das propostas dos/as suplentes.
 - No caso de que un membro do Consello Municipal de Saúde falte a tres sesións ordinarias, sen xustificación, propoñerase a substitución do mesmo do propio Consello.

Da Presidencia.

A persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela presidirá o

Consello Municipal de Saúde, podendo delegar dita presidencia na persoa titular da Área de Goberno Municipal competente en materia de saúde.

Son funcións da Presidencia:

1. Ostentar a representación do Consello.
2. Acordar a convocatoria, fixar a orde do día, presidir e moderar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello Municipal de Saúde e das comisións permanentes, se houbera.
3. Velar polo cumprimento dos acordos do Consello e as súas normas de funcionamento.
4. Someter iniciativas e propostas á consideración do Consello.
5. Visar as actas e as certificacións dos acordos do Pleno e da Comisión Permanente.
6. Dirimir co seu voto os empates a efectos de adoptar acordos.

Da Vicepresidencia.

A Vicepresidencia corresponderá á persoa titular da Área de Goberno que sexa competente en materia de saúde. A persoa que ostente á Vicepresidencia, substituirá ao Presidente/a en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Da Secretaría

Actuará como titular da Secretaria, un traballador/a do Concello, adscrito á Área de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde ou calquera outra Concellería que asuma estas funcións, con voz e sen voto, designado por Alcaldía, a proposta do Secretario/a Xeral.

Son funcións da Secretaría:

1. Realizar as tarefas administrativas do Consello.
2. Preparar a documentación necesaria das sesións e cursar a proposta de orde do día das mesmas.
3. Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, recollendo acta das mesmas, autorizalas coa súa sinatura e o visto e praxe da Presidencia, e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.

4. Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións sobre actos e acordos do Consello.

5. Levar de forma actualizada o rexistro de membros e representantes dos distintos órganos, así como altas e baixas.

6. As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia do Consello.

No caso de ausencia, vacante ou enfermidade do/a titular da Secretaría do Consello Municipal de Saúde será substituído/a no exercicio das súas funcións por quen veña designado/a como suplente.

Artigo 6. Comisións de Traballo

1. As Comisións de Traballo son grupos cuxa finalidade é elaborar informes e propostas así como desenvolver, baixo a supervisión do Consello, os proxectos ou programas que o Consello lles encomende nas materias propias da súa competencia.

2. O Consello poderá crear, con carácter temporal ou permanente, as Comisións de Traballo que considere oportunas. O acordo de creación determinará o seu cometido e organización interna.

3. Estarán integradas por, polo menos, dous membros do Consello, podendo formar parte das mesmas outras persoas designadas por estes. Un dos integrantes da Comisión, que á súa vez sexa membro do Consello, actuará como coordinador/a da mesma e como interlocutor/a co Consello.

4. No suposto de que teñan carácter permanente, no acordo de creación, poderán fixarse os prazos nos que se procederá á renovación periódica dos seus membros.

Artigo 7. Xuntanzas e acordos

1. As reunións do Consello poderán ser ordinarias e extraordinarias.

2. O Consello reunirse en xuntanzas cada catro meses de forma ordinaria e as extraordinarias que considere un cuarto dos/as membros do Consello Municipal de Saúde así como cando o estime oportuno a súa Presidenta.

3. O Consello poderá reunirse con carácter extraordinario á iniciativa do/a Presidente/a ou cando así o solicite a cuarta parte dos seus membros mediante un escrito no que se especifiquen os asuntos que xustifiquen a convocatoria. Neste último suposto, a sesión

deberá celebrarse no prazo máximo de 15 días desde a presentación da solicitude de convocatoria.

4. O Consello poderá acordar a invitación ás súas sesións, con voz pero sen voto, a asociacións, organismos ou expertos/as relacionados con algún asunto dos incluídos na orde do día.

5. Os acordos do Consello Municipal de Saúde serán adoptados por maioría simple.

6. Para a válida constitución do Pleno do consello a efectos de celebración de sesións requirirase, en primeira convocatoria, a presenza de, polo menos, a metade dos membros, titulares ou suplentes, mais o Presidente e o Secretario ou quenes os substitúan legalmente. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo dos membros, titulares ou suplentes, mais o Presidente e o Secretario ou quenes os substitúan legalmente. Para a segunda convocatoria bastará un transcurso de media hora desde a primeira convocatoria.

Artigo 8. Convocatoria das reunións

1. A convocatoria das sesións deberá comunicarse a cada un dos membros do Consello, debendo ser recibida cunha antelación mínima de 7 días no caso de sesións ordinarias e de 2 días no caso de sesións extraordinarias. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros en igual prazo. Os/as membros do Consello Municipal de Saúde, poderán engadir o que consideren á orden do día das xuntanzas do CMS, ata 3 días despois de recibir a proposta da Presidenta do orden do día.

2. A comunicación das convocatorias corresponde ao Secretario/a e conterà a orde do día das reunións.

Artigo 9. Duración do mandato

1. Os/as representantes dos grupos municipais integrantes da Corporación ostentarán a súa condición mentres perdure o mandato da Corporación Local na que se produza o seu nomeamento, sen prexuízo de que se poida postular o seu cesamento en calquera momento e o nomeamento dun substituto/a para o tempo que reste de mandato.

2. As/os restantes vocais ostentarán tal condición durante un período de catro anos, sen prexuízo da súa posible continuidade e de que polas organizacións correspondentes, se poida propor o seu cesamento en calquera momento e o nomeamento dun substituto/a para o tempo que reste de mandato.

Artigo 10. Sede

A sede é o lugar de reunión do Consello Municipal de Saúde será a Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes (UMAD) rúa Manuel María nº 8, ou o lugar que en cada caso designe o/a presidente/a na convocatoria.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor do presente regulamento, quedará derogado o vixente Regulamento do Consello Municipal de Saúde, aprobado por acordo do Pleno da Corporación o 28 de setembro de 2000.

Disposición final única- Entrada en vigor

O presente regulamento non entrará en vigor ata que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorran quince días desde dita publicación.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA O ACONDICIONAMENTO, MELLORA E PROMOCIÓN DAS ÁREAS FLUVIAIS DE CHAIÁN E BARCIELA.

A proposición presentada con data 29 de maio do corrente ano e número de rexistro 183, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días cúmprese un ano desde que no Pleno municipal se adoptara por unanimidade unha iniciativa do Grupo Municipal Popular para adoptar unha serie de medidas tendentes a acondicionar, mellorar e dar a coñecer entre a poboación as áreas fluviais de Chaián e da Barciela, situadas na ribeira do Tambre.

Daquela faciamos referencia á singularidade destes enclaves propios, limítrofes cos concellos de Trazo e de Oroso, e ao seu maioritario descoñecemento, non só por parte da poboación, senón que tamén por boa parte da administración municipal, como o constata o feito de que non aparezan recollidas no Plan Director de zonas verdes e espazos públicos do Concello, presentado polo Goberno hai algo máis de un ano e pendente aínda da súa aprobación.

Malia que os seus valores ambientais quedan constatados na súa inclusión como Lugares de Interese Comunitario na Rede Natura, non merecen o mesmo recoñecemento por parte da acción municipal, posto que desde o pasado verán apenas nada novo se ten feito, a non ser a contratación dun socorrista para a área de baño de Chaián, acolléndose a unhas axudas convocadas pola Xunta de Galicia.

O desleixo e o abandono son a tónica dominante nestas áreas fluviais. Non se acometeu ata o de agora ningunha das medidas acordadas. Pasou o verán de 2016 sen actuar e está a punto de chegar o de 2017, polo que aínda estamos a tempo de reconducir esa actitude e retomar as accións nas que toda a Corporación estabamos de acordo.

A situación das dúas áreas segue a ser igual, e mesmo peor, que a que describíamos hai un ano.

En Chaián non se mellorou ningunha das cuestións que se mencionaban: non se acondicionaron os sendeiros existentes -que ofrecen dificultades para persoas con mobilidade reducida-, non se tratou a madeira da caseta do pescador, as mesas e os bancos; non se arranxou a fonte, non se repuxo o cartel informativo da entrada; non hai constancia de xestións coa Deputación para advertir e reducir a velocidade neste punto concreto da estrada (tal e como temos indicado, o sinal de 60 km/h actuais non se axeitan a un tramo en curva onde se sitúa a zona de aparcamento e acceso á área) nin tampouco para a colocación de proteccións viarias laterais nas zonas de desnivel ou a mellora da senda que conecta coa marxe de Trazo.

O caso da insua de Barciela é aínda peor. Porque, ademais de non facer nada en relación co que se propoñía na iniciativa respecto da mellora do acceso e as condicións da área, as varias mesas e bancos de uso público que recomendabamos arranxar, desapareceron; ao igual que os colectores de lixo. E os accesos ás pontes continúan a dificultar enormemente a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida. O único que funciona -a pesar de estar en lamentables condicións- é a fonte, iso si, coa auga subministrada desde a banda de Oroso.

Polo demais, en ningún dos casos se fixo nada en relación coa sinalización (non existe ningunha indicación visible da súa existencia, nin no percorrido nin nas súas proximidades) nin con accións de difusión destas áreas para achegalas ao conxunto da cidadanía.

Por todo o anterior, e ante a inminente chegada do verán e con el da época máis axeitada para o goce da natureza e do baño nestas dúas áreas fluviais, o Grupo Municipal Popular reitéralle ao Goberno a necesidade de actuar coa proposta do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que coa maior brevidade proceda a adoptar as medidas necesarias para facer efectivo o acordo unánime acadado no Pleno do 16 de xuño de 2016 en relación coa conservación, acondicionamento, mellora e promoción das áreas fluviais de Chaián e A Barciela, na ribeira do Tambre.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acordainstar ao correspondente órgano do goberno municipal a que coa maior brevidade proceda a adoptar as medidas necesarias para facer efectivo o acordo unánime acadado no Pleno do 16 de xuño de 2016 en relación coa conservación, acondicionamento, mellora e promoción das áreas fluviais de Chaián e A Barciela, na ribeira do Tambre.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA REALIZAR UNHA DIAGNOSE, PLAN DE REPARACIÓNS E MANTEMENTO DOS MUROS E BEIRARRÚAS DE FONTIÑAS.

O contido da proposición presentada con data 29 de maio de 2017, número de rexistro 184, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urbanización de Fontiñas, que se comezou a desenvolver a inicios dos anos 90 do pasado século, aséntase sobre unha ladeira, polo que, para conseguir cuarteiróns aplanados, decidiuse un deseño para o conxunto da urbanización mediante muros de perpiaño de granito. Estes muros de contención xeraban plataformas uniformes que axudaban a resolver os accesos aos garaxes e que facían precisas ramplas e escaleiras para acceder á súa superficie.

No interior destas parcelas as empresas das edificacións realizaban a escavación e a edificación, polo que os muros de perpiaño forman parte do espazo público e deben ser mantidos polo Concello.

Este mesmo mes, concretamente o día 12 e por mor das chuvias rexistradas ata ese momento, un deses muros de contención, concretamente o construído na rúa de Moscova -preto das instalacións da policía autonómica e dun albergue de peregrinos-

cedeu e arredor de algo máis duns 10 metros lineais derrubáronse sobre a beirarrúa. Por fortuna, a pesar da magnitude do desprendemento, non houbo que lamentar desgrazas persoais. Neste caso, a resposta do Concello foi inusitadamente dilixente e aos poucos días iniciábanse os traballos de rehabilitación.

O incidente vén a poñer de manifesto o perigo dun derrubo nunha zona tan poboada como é este barrio das Fontiñas e a necesidade anticiparse a outras situacións semellantes, desenvolvendo un labor de prevención no conxunto destas infraestruturas de contención.

Non é unha circunstancia nova nin descoñecida. Durante o mandato anterior comprobouse que algúns muros presentaban gretas, tanto horizontais como verticais, e mesmo algunha das bóvedas que daban acceso aos garaxes aparecía lixeiramente descolgada. Ese foi o motivo polo que se levou a cabo unha actuación de urxencia en dous puntos concretos: no cuarteirón definido polas rúas Madrid, Bruxelas, París e Praga, concretamente na rúa Bruxelas; e no cuarteirón definido polas rúas Londres, Atenas, Berna e Lisboa, nas rúas Londres e Lisboa. As actuacións de reparación afectaron a beirarrúas e muros, chegando a desmontar e montar escaleiras, decenas de metros de peitorís, beirarrúas e quenllas.

Estas actuacións, realizadas nos últimos meses do mandato anterior, viñan a indicar a necesidade de realizar un diagnóstico global e un plan de reparacións sobre este tipo de elementos no barrio das Fontiñas, tendo en conta que calquera desprendementos nestes muros -como o acontecido recentemente- pode causar unha desgraza, xa que son pezas de gran peso e tamaño.

Por todo o exposto consideramos que o Goberno no se debería limitar a unha simple -aínda que importante e totalmente necesaria- actuación, senón que debería promover a realización dun diagnóstico xeral dos muros, un plan de actuacións para reparar as patoloxías máis urxentes e un plan de inspección, conservación e mantemento permanentes destas pezas de contención.

Igualmente, dado que observamos ademais que non se están realizando actuacións de reparación de beirarrúas no ámbito deste barrio das Fontiñas, a diferenza doutros lugares como o Ensanche onde xa se executaron, propoñemos tamén que dentro do contrato de mantemento se dean as instrucións precisas para proceder a reparar os moitos danos existentes nas beirarrúas.

De acordo co anterior, propónse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a:

1. Acometer á maior brevidade unha diagnose xeral da situación dos muros de contención sobre os que se asentan as edificacións das Fontiñas.
2. Consonte ao anterior, realizar unha planificación para a reparación das patoloxías que se consideren máis urxentes.
3. Levar a cabo un plan de inspección, conservación e mantemento permanentes destes elementos de contención, que se deberá estender tamén aos pavimentos das beirarrúas no contorno deste barrio.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Acometer á maior brevidade unha diagnose xeral da situación dos muros de contención sobre os que se asentan as edificacións das Fontiñas.
2. Consonte ao anterior, realizar unha planificación para a reparación das patoloxías que se consideren máis urxentes.
3. Levar a cabo un plan de inspección, conservación e mantemento permanentes destes elementos de contención, que se deberá estender tamén aos pavimentos das beirarrúas no contorno deste barrio.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A COLABORACIÓN CO CUMPRIMENTO DAS DECISIÓNS XUDICIAIS, O RECOÑECIMENTO DO PAPEL DAS FORZAS DE SEGURIDADE DO ESTADO E A DEFENSA E PROTECCIÓN DA PROPIEDAD PRIVADA.

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data 2 de xuño de 2017, e número de rexistro 186, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cumprimento dunha resolución xudicial sobre a ocupación ilegal dun edificio na rúa Algalia de Arriba que se iniciou na mañá do martes, día 30 de maio de 2017, coa presenza das forzas de seguridade do Estado e coa participación de varios operarios que, seguindo o mandato legal, procederon a selar portas e ventás para impedir o acceso á propiedade, xerou diversas reaccións ao longo da xornada.

Por unha parte, membros do Goberno municipal e do partido que o sustenta realizaron declaracións cuestionando a resolución e a prudente actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado, poñendo en cuestión tamén o dereito á propiedade privada.

Posteriormente producíronse incidentes nas rúas que supuxeron unha grave alteración da orde pública, comprometendo a seguridade e a pacífica convivencia da veciñanza e causando lesións a diversos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado aos que cómpre expresarlles a solidariedade e o apoio no cumprimento do seu deber.

Ante o cúmulo de circunstancias que rodearon esta actuación, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago considera necesario que o conxunto da Corporación manifieste a súa posición ao respecto e exprese de forma unánime e inequívoca o seu apoio ás decisións xudiciais, a actuación das forzas de seguridade do Estado para asegurar o seu cumprimento e a defensa da propiedade privada.

En consecuencia, proponse a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela, ante feitos acontecidos como consecuencia do cumprimento dunha resolución xudicial para restituír o dereito de propiedade nun edificio da rúa Algalia de Arriba, manifesta:

1. O máximo respecto polas decisións xudiciais e a necesidade de que a Administración local e, en xeral, os poderes públicos colaboren, en todo momento e por todos os medios, no seu cumprimento.

2.O recoñecemento e apoio ao papel das forzas de seguridade do Estado, incluída a Policía Local, como garantes dos valores constitucionais, do ordenamento xurídico, da seguridade cidadá, as liberdades públicas e das resolucións xurisdiccionais, polo que deben ser merecedores da solidariedade e o apoio social e institucional no desempeño das súas funcións.

3.A defensa e protección da propiedade privada como dereito fundamental, cos únicos límites e restricións que fixa a Constitución e o resto do ordenamento xurídico.”

Á anterior proposición presentou emenda de adición o grupo municipal Socialista con data 13 de xuño de 2017, núm. 224, e que non foi aceptada polo grupo propoñente.

Xa que logo o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor correspondentes aos/ás concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3

PSdeG-PSOE) e 11 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG), acorda:

1. O máximo respecto polas decisións xudiciais e a necesidade de que a Administración local e, en xeral, os poderes públicos colaboren, en todo momento e por todos os medios, no seu cumprimento.

2. O recoñecemento e apoio ao papel das forzas de seguridade do Estado, incluída a Policía Local, como garantes dos valores constitucionais, do ordenamento xurídico, da seguridade cidadá, as liberdades públicas e das resolucións xurisdiccionais, polo que deben ser merecedores da solidariedade e o apoio social e institucional no desempeño das súas funcións.

3. A defensa e protección da propiedade privada como dereito fundamental, cos únicos límites e restricións que fixa a Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA CONTROLAR A ACTIVIDADE ASOCIADA AO VERTEDOIRO DE GRIXOA, QUE RECIBE RESIDUOS DE FORA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O texto da proposición do epígrafe, presentada con data 5 de xuño de 2017, número de rexistro 187, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno destinada a controlar a actividade asociada ao vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, que recibe residuos de fóra de Santiago de Compostela, e a abrir unha investigación sobre o posíbel incumprimento da normativa e das autorizacións que dispón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago asinou a adhesión á Axenda 21 Local e aos compromisos de Aalborg, entre os que está evitar e reducir os residuos, aumentar a reciclaxe e a reutilización; ademais de xestionar e tratar os residuos de acordo aos estándares de boas prácticas.

Ademais, os concellos son as administracións responsábeis da aplicación das competencias ambientais no municipio, así como da xestión de residuos sólidos urbanos, da vixilancia e control da contaminación ambiental, ademais da protección do medio natural e da salubridade pública.

En febreiro de 2008, a Consellaría do Medio Ambiente da Xunta de Galiza emitiu autorización para a instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos para a restauración do espazo natural da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa en Santiago de Compostela, con capacidade para eliminar 80.000 t/ano, nun vaso de vertido de 1 millón de metros cúbicos, nunha superficie de 4,5 hectáreas e cunha vida útil estimada en 20 anos. A previsión inicial era encher este espazo con areas, terras e lodos xerados nas propias instalacións e con restos procedentes de actividades industriais de construción.

O funcionamento do vertedoiro non tardou en xerar preocupación entre a veciñanza que observara incendios no propio vertedoiro. Como consecuencia, a principios do 2014, o BNG, a través dos seus representantes no Parlamento, interesouse diante da Xunta de Galiza polo cumprimento das medidas ambientais impostas na resolución de autorización.

Por outra parte, a autorización inicial foise ampliando en resposta a diversas solicitudes e, na actualidade, o vertedoiro parece estar a recibir materiais procedentes de empresas, depuradoras e vertedoiros de diversas vilas e cidades galegas, mais tamén de fóra da Galiza. Incúmprese deste xeito o principio legal e ambiental de tratamento, eliminación e valorización de residuos no punto máis próximo ao lugar onde se xeneran.

Na autorización deste vertedoiro, a Xunta condicionou a autorización de impacto ambiental a dispor dun peche perimetral de malla metálica, de tipo cinxético, que impida a entrada de animais, cunha altura non menor de 1,5 m sobre a rasante do terreo. Tanto a canteira como o vertedoiro non contan cun valado que impida acceder ás instalacións.

Sobre a integración paisaxística e a restauración, sinálase que co fin de garantir a mellor integración do depósito e diminuír a súa visibilidade, así como contribuír á contención do po que se poida xerar, antes do inicio da actividade ou simultaneamente cos labores de preparación do vaso, disporanse pantallas vexetais. A pantalla vexetal estará composta de diferentes especies arbóreas e arbustivas de folla perenne e caduca, e localizaranse de forma paralela ás trazas dos camiños que rodean o vaso. Estas pantallas non existen.

Entre as medidas sobre a paisaxe, na autorización recóllese que se debe respectar a vexetación arbórea que puidera existir na contorna e naquelas zonas onde o proxecto o permita, descartarase o uso de especies foráneas con perigo de naturalizarse no medio e manterase con especial coidado a pantalla vexetal asociada ao peche perimetral.

Ademais, nas propias instalacións do vertedoiro a empresa Tecnolosolos Galaicos está autorizada para a elaboración de cubertas artificiais a partir de residuos compactados, que serán as que cubran o vaso da canteira.

Na zona de elaboración de tecnosolos atopáronse deficiencias como balsas sen illar con residuos líquidos con materia orgánica en descomposición, bidóns de residuos sen etiquetar e sen tapar, grandes cantidades de materia orgánica inmadura ao aire libre, lixiviando directamente sobre o terreo sen impermeabilizar e lixiviados canalizados que verten directamente no terreo.

Na autorización esíxese tamén que para todo o ámbito de traballo se tomen as medidas necesarias para garantir a ausencia de arrastres sólidos e escorregas que poidan rematar directa ou indirectamente nas augas superficiais e subterráneas.

A normativa determina que os tecnosolos se deben aplicar sobre terreos degradados, mais en Grixoa instaláronse nunha ladeira que non se atopaba degradada nin contaminada. Advírtese tamén que os tecnosolos conteñen vertido de mesturas de restos orgánicos inmaduros que producen cheiros e lixiviados, cunha alta porcentaxe de improprios (restos de plásticos, pilas, compresas, etc) sobre terreos que dan a prados destinados á gandería.

En canto ao vertedoiro, na modificación da autorización de agosto de 2013, na admisión de materiais de construción que conteñen amianto indícase que unicamente se aceptarán aglomerado autorizado, sempre que presente baixa friabilidade e que non se acepten materiais que poidan producir liberación de fibras ao medio. Este material debe xestionarse en cela específica e contará coa aprobación da autoridade laboral competente na materia de protección dos/as traballadores/as contra os riscos relacionados coa exposición ao amianto.

Na modificación do 20 de febreiro de 2014, esíxense condicionantes específicos para o residuo clasificado co código LER 170302, correspondente con mesturas bituminosas (alquitrás). A xestión destes residuos deberá ser independente, con condicións específicas de almacenaxe, así como condicións de almacenaxe específica do produto resultante da valorización para evitar afección sobre solo e augas, que se descoñece se se está a aplicar.

Na autorización do vertedoiro dise que, entre as medidas a adoptar en situacións de funcionamento anormal, se as anomalías implican riscos para a saúde das persoas ou poden prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais suspenderase inmediatamente a actividade.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago instará a Xunta a adoptar as medidas necesarias para que o vertedoiro da canteira de Miramontes cumpra as condicións esixidas pola normativa vixente e nomeadamente as especificacións sinaladas na autorización de impacto ambiental.

O Concello de Santiago, por si mesmo ou en cooperación coa Xunta, realizará as accións necesarias para determinar os efectos que do funcionamento do vertedoiro se deriven para as augas, o aire ou o solo da contorna e para esixir, se fose o caso, a reparación dos mesmos.

O Concello realizará as xestións oportunas para evitar que se depositen en Santiago de Compostela residuos doutras comarcas galegas e doutros territorios do Estado, co obxectivo de cumprir o principio legal e ambiental para o tratamento e valorización do lixo no punto máis próximo a onde se xera.

O Concello de Santiago adoptará un novo plan de xestión de residuos baseado na prevención, a recollida separada na orixe e a reciclaxe, tendente ao residuo cero.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

Instar á Xunta a adoptar as medidas necesarias para que o vertedoiro da canteira de Miramontes cumpra as condicións esixidas pola normativa vixente e nomeadamente as especificacións sinaladas na autorización de impacto ambiental.

O Concello de Santiago, por si mesmo ou en cooperación coa Xunta, realizará as accións necesarias para determinar os efectos que do funcionamento do vertedoiro se deriven para as augas, o aire ou o solo da contorna e para esixir, se fose o caso, a reparación dos mesmos.

O Concello realizará as xestións oportunas para evitar que se depositen en Santiago de Compostela residuos doutras comarcas galegas e doutros territorios do Estado, co obxectivo de cumprir o principio legal e ambiental para o tratamento e valorización do lixo no punto máis próximo a onde se xera.

O Concello de Santiago adoptará un novo plan de xestión de residuos baseado na prevención, a recollida separada na orixe e a reciclaxe, tendente ao residuo cero.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, EN DEFENSA DA ESPECIALIZACIÓN DUN XULGADO EN SANTIAGO PARA ATENDER OS LITIXIOS DAS “CLÁUSULAS SOLO”.

O texto da devandita proposición, presentada con data 6 de xuño e número de rexistro 188, foi retirada e convertida en declaración institucional.

O Pleno da Corporación, adoptou por unanimidade dos presentes, a seguinte declaración institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG) e que substitúe á proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación ao devandito asunto:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN DEFENSA DA ESPECIALIZACIÓN DUN XULGADO EN SANTIAGO PARA ATENDER OS LITIXIOS DAS CLÁUSULAS SOLO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial aprobou o 25 de maio deste ano, a especialización dun total de 54 xulgados de Primeira Instancia -un por provincia na península e un en cada unha das principais illas dos arquipélagos canario e balear-, que desde o pasado 1 de xuño coñecen, de xeito exclusivo e non excluín-te, dos litixios relacionados coas condicións xerais incluídas en contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias cuxo prestatario sexa unha persoa física, sen prexuízo de poder atribuír no futuro esta competencia a outros órganos do mesmo ou outro partido xudicial diferente da provincia, sempre que houbera razóns que o xustificasen, en atención á carga de traballo e mellor servizo á xustiza.

O acordo aprobado pola Comisión Permanente atribúe aos xulgados especializados, en virtude do previsto no artigo 98.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, a competencia para coñecer dos asuntos que ingresen a partir do 1 de xuño relacionados coas condicións xerais incluídas en contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias cuxo prestatario sexa unha persoa física.

Estes asuntos refírense, entre outros, ás cláusulas solo, vencemento anticipado, intereses moratorios, gastos de formalización de hipoteca ou hipotecas multidivisa.

Nun primeiro momento, serán os 65 xuíces en prácticas da 67 promoción da Escola Xudicial (5 en Galicia), que recibiron formación específica sobre a materia para reforzar os seus coñecementos e garantir menores tempos de resposta, quenes realicen preferentemente estas funcións de reforzo nos órganos especializados.

As medidas contempladas no plan de urxencia serán avaliadas mensualmente polo CGPJ, o Ministerio de Xustiza e as Comunidades Autónomas con competencias nesta materia, co obxectivo de revisar a eficacia das mesmas e a necesidade de achega dos medios persoais e materiais responsabilidade destas Administracións.

Os xulgados especializados en Galicia serán: Xulgado de Primeira Instancia 7 da Coruña; Xulgado de Primeira Instancia 2 de Lugo; Xulgado de Primeira Instancia e Mercantil 4 de Ourense; Xulgado de Primeira Instancia 14 de Vigo (Pontevedra).

Hai que recordar que Santiago de Compostela, ademais de Capital de Galicia, é a demarcación do Partido Xudicial nº 2, abarcando 26 municipios e 274.366 habitantes.

En Compostela xa existe un nivel de especialización: Civil, Penal, Contencioso-Administrativo e Social.

A aprobación da especialización en cuestión, debe atender ás concretas circunstancias xeográficas, procurando respectar os ámbitos territoriais nos que se desenvolven as actividades económicas de cada zona e evidentemente non se respecta o ámbito si os asuntos obxecto da competencia dos mencionados litixios, obriga aos interesados a trasladarse á Coruña.

A proposta do CGPJ vai en contradición co artigo 24 da Constitución xa que este artigo obriga claramente a conciliar a garantía de fácil acceso de todos os cidadáns aos órganos xudiciais e a necesidade de evitar unha dispersión de medios materiais e persoais.

En definitiva, non asignar a especialización en materia de litixios relacionados coas condicións xerais incluídas en contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias cuxo prestatario sexa unha persoa física ao Partido Xudicial de Santiago de Compostela, para que conviva coa Audiencia Provincial sección 6ª Civil-Penal; os seus cinco Xulgados de Primeira Instancia, un deles con funcións de rexistro Civil; un Xulgado de Familia; os seus tres Xulgados de Instrución, un deles tamén con funcións de violencia de xénero; os seus dous Xulgados do Penal; os seus dous Xulgados do Contencioso-Administrativo, os seus tres Xulgados do Social e como sé da Xunta Electoral de Zona, é contraria ao interese xeral de toda unha Comarca, por canto non garante unha maior eficacia na prestación dun servizo público esencial como é a Administración de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o Concello de Santiago de Compostela **ACORDA**:

1.-Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado, e escoltando o Consello Xeral do Poder Xudicial, a creación ex novo dun xulgado de reforzo en

Santiago, cos medios persoais e materiais necesarios; é dicir, unha sala cun xuíz, un letrado da Administración de Xustiza, funcionarios, unha sede e reparto propios, coa fin de facer fronte ás demandas polas cláusulas solo.

2.-Reiterar a solicitude á Xunta de Galicia, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e á Administración do Estado para que Santiago se dote con novas salas xudiciais do Social, Contencioso-Administrativo e de Violencia de Xénero.

10. DAR CONTA DO INFORME ANUAL CORRESPONDENTE AO 2016, DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS.

Conforme ao acordado na sesión ordinaria da Comisión Especial de Reclamacións e Suxestións de data 8 de xuño de 2017, dáse conta do informe anual correspondente ao exercicio de 2016.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta de resolución da Alcaldía de data 16 de maio de 2017, polo que se deixa sen efecto o decreto de 2 de decembro de 2016, no que respecta á delegación de competencias efectuadas no seu momento no concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia, Don XanXesús Duro Fernández, e delégase no concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, Don Jorge Carlos Duarte Vázquez, as competencias que lle foron delegadas por decreto de 16 de xuño de 2016.

Así mesmo, tamén se da conta de acordo da Xunta de Goberno de 19 de maio do corrente ano, relativo a delegación de competencias no que respecta:

Primeiro: Deixar sen efecto a delegación de competencias efectuada por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de decembro de 2016, no concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia Don XanXesús Duro Fernández.

Segundo: Delegar no concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, Don Jorge Carlos Duarte Vázquez, as competencias delegadas no seu momento por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 17 de xuño de 2015.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, 28 de abril ao 30 de maio de 2017 (núms. 2656 ao 3420).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 5 de maio de 2017 (Núm. 29).
Acta sesión ordinaria do día 12 de maio de 2017 (Núm. 30).
Acta sesión ordinaria do día 19 de maio de 2017 (Núm. 31).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 19 de maio de 2017 (Núm. 32).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 22 de maio de 2017 (Núm. 33).
Acta sesión ordinaria do día 26 de maio de 2017 (Núm. 34).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 30 de maio de 2017 (Núm. 35).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 30 de maio de 2017 (Núm. 36).

13. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EMPREGO, ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 18 DE MAIO DE 2017.

Conforme ao acordado na sesión plenaria ordinaria de 18 de maio de 2017, comparece a concelleira delegada de emprego, na presente sesión.

Unha vez rematado o presente punto da orde do día faise un receso de vinte minutos de 20:07 a 20:27 horas.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 6 de xuño de 2017, núm. 190.
- 2.- Rexistro de entrada do día 6 de xuño de 2017, núm. 191.
- 3.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 206.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 6 de xuño de 2017, núm. 192.
- 2.- Rexistro de entrada do día 6 de xuño de 2017, núm. 193.
- 3.- Rexistro de entrada do día 6 de xuño de 2017, núm. 194.
- 4.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 207.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 196.

- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 197.
- 3.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 198.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 199.
- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 200.

PREGUNTAS RESPOSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 201.
- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 202.
- 3.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 203.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.-

ROGO:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 204.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 1 de xuño de 2017, núm. 185.
- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2017, núm. 205.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 208, para executar de urxencia a urbanización na rúa Valiño nº 11.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a executar a urbanización na rúa Valiño nº 11.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de novembro do 2016 trouxemos a este Pleno unha pregunta oral que volvemos a expoñer literalmente:

“Na rúa Valiño hai un tramo sen urbanizar nun estado lamentábel de abandono, onde non hai beirarrúa, unha escaleira a medio construír e un espazo perigoso para as crianzas que atallan a escola de Monte dos Postes. Os propietarios dos edificios lindeiros fixeron fronte as súas obrigas e pagaron a súas respectivas cotas de

urbanización xa no ano 1999. Neste concello acordouse aprobar a redacción dun proxecto de urbanización para o ámbito de UA-11 do PERI Concheiros – Cotaredo- San Lázaro. A veciñanza solicita que despois de tanto tempo se remate a urbanización e o acondicionamento do entorno correspondente ao edificio sito na rúa Valiño nº11.”

O concelleiro de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade contestou neste Pleno ao noso grupo, tal como consta na acta, o seguinte: “É unha preocupación do goberno, ademais hai algún veciño/a asistindo ao Pleno, porque é unha reivindicación moi clara, que coas achegas que fixeron no seu momento para desenvolver o proxecto de urbanización para o ámbito da UA-11, para urbanizar ese ámbito e dese entorno levan máis de dez anos sen acometerse esas obras. Dende este goberno contratouse este ano, e esta en redacción na actualidade o devandito proxecto que estaría a finais de ano redactado. A idea é, e de feito hai unha partida orzamentaria prevista para poder acometer estas obras, para o que se conta cun importe de 78.000 euros, entón a idea é unha vez estea rematado ese proxecto que se poida executar a obra, contan que poida ser a principios do vindeiro ano.”

O propósito desta moción é darlle resposta á veciñanza que está farta de que esta rúa non estea urbanizada, nun estado lamentábel pasando por alí o Camiño francés dando unha mala imaxe ás persoas que por alí pasan.

ACORDO

Executar de urxencia as obras do Rúa Valiño comprometidas neste Pleno para satisfacer as demandas das veciñas e veciños da rúa Valiño.

2.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 209, para recuperar o servizo público de notificacións de tráfico recentemente privatizado.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á recuperación da prestación do servizo público de notificacións de Tráfico a través da empresa pública Correos que foi recentemente privatizado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno local de Compostela Aberta vén de privatizar o servizo de notificacións de Tráfico, que desenvolvía Correos e Telégrafos ao abeiro dun convenio asinado coa FEGAMP, coa concesión á empresa CI Postal con sede en Valencia.

No expediente de Contratación argumentase que é unha oferta máis vantaxosa para o concello por cuestións economicistas. Porén, esta empresa só vai prestar servizo na zona

urbana, onde as vivendas están agrupadas, xa que non lle resulta rendíbel atender as parroquias do rural compostelán e xa anuncia que non vai entregar as notificacións en vilas e cidades onde non ten delegación; traballo que deberá facer tamén o servizo público de Correos.

O Tribunal Supremo revocou o convenio colectivo desta empresa. Neste sentido, cómpre lembrar que as administracións deben velar por garantir as condicións laborais das empresas concesionarias que prestan servizos municipais, para dar exemplo de responsabilidade social e non premiar estes comportamentos antisociais en aras do abaratamento de custes para as arcas públicas se logo non cumpre o estipulado no convenio colectivo. Hai sentenzas doutras cidades que anulan a capacidade desta empresa na entrega de notificacións similares.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará, de urxencia, as xestións oportunas para a recuperación da prestación do servizo público de notificacións de Tráfico a través da empresa pública Correos e Telégrafos, que foi recentemente privatizado.

3.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 210, en apoio a veciña compostelana Ana M^a Parafita García.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa ao despido discriminatorio dunha muller embarazada nunha empresa do Concello de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa veciña Ana M^a Parafita García vén prestando servizo na empresa postal UNIPOST dende o 27 de marzo do 2017 baixo o posto de reparto-clasificación.

Ana M^a o 26 de maio comunícalle a empresa por escrito que está embarazada de 10 semanas, tal como lle recomenda o protocolo da empresa. O mesmo día o xefe transmitelle que o seu traballo era bo e que continuaría até fin de contrato. O 29 de maio a empresa fíxolle entrega do documento de rescisión de contrato por non superar o período de proba satisfactoriamente. Ana M^a claramente foi sometida a un trato discriminatorio por razón de sexo co motivo do seu embarazo perdendo o seu traballo por dita causa, deixándoa en situación especial de vulnerabilidade sufrindo un maltrato e dano psicolóxico.

Hai xurisprudencia do Tribunal Supremo que a rescisión unilateral ao longo do período de proba non é libre cando a decisión está motivada por razóns discriminatorias que violen o artigo 14 CE ou vulnere calquera outro dereito fundamental.

Habendo indicios discriminatorios temos que dar un paso adiante na defensa dos dereitos das traballadoras embarazadas.

ACORDO

Apoiar a nosa veciña Ana M^a por todos os danos morais provocados por esta empresa.

EMENDA.-

1.- Rexistro de entrada do día 15 de xuño de 2017, núm. 225, emenda de substitución á moción do grupo municipal Popular, sobre a situación que se está a vivir na rúa Fernando III O Santo e a resposta que debe dar o goberno local.

Proponse substituír o acordo por:

“O Concello de Santiago adoptará as medidas necesarias para cumprir a normativa municipal e garantir o descanso da veciñanza.”

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 211, en defensa da filosofía no ensino.

Marta Lois González, concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe acordo unánime en que a filosofía é unha das dimensións máis profundas na formación, na constitución intelectual, e non só intelectual, dunha persoa; en que a filosofía, antes que unha determinada especialidade dun conxunto de profesionais, é algo ao que todo o mundo está chamado, pois dalgún modo todo o mundo, segundo os momentos, faise preguntas filosóficas, medita, pensa filosoficamente, fai verdade o *dictum* de que “todo ser humano é filósofo”. Non existe menor unanimidade en considerar a filosofía, e así o foi tradicionalmente, como un certo culmen na formación, sen o cal todo o construído ata aí parecería quedar inacabado, incompleto, sen que se puidese reafirmar, ao tempo que redimensionar, todo o aprendido.

E, certamente, a filosofía como unha reflexión de segundo grao, que se fai cargo das ciencias, dos saberes e das accións, e, en definitiva, da experiencia humana, para preguntarse acerca de todo iso, para os contemplar nas súas articulacións, na súa posible totalización, representa un nivel de integración dos saberes e prácticas, de conciencia sobre o admitido e feito, sobre o dado e o posible, que cando falta non é tan só unha mera lagoa de saber o que se produce, senón a falla de consolidación do aprendido se lle une unha especie de incompletitude formativa, humana que podería recollerse sinxelamente como un estado de desorientación, de quebra de conciencia, de certa vulnerabilidade intelectual.

Toda a tradición europea -desa Europa da que non ten sentido falar sen os nomes de Heráclito, Platón, Aristóteles, Descartes, Espinosa, Hume, Kant, Hegel, Marx, Nietzsche, Beauvoir, Arendt..., da que non pode falarse sen a filosofía mesma- foi moi consciente deste lugar de reflexión filosófica, e por iso, de maneiras diversas, procurou dotar aos seus cidadáns cun ensino da filosofía o máis sistemático posible. En certo sentido, a democracia esixía que a formación na filosofía non fora reservada a unhas elites egrexias, as únicas, como o que sucedía coa teoloxía noutro tempo, que podían ter acceso ao que denominaban as grandes cuestións, as últimas preguntas, ao sentido ou o sen sentido de todo. A igualdade nos dereitos, o fin das barreiras sociais, demandaba, ao mesmo tempo, a eliminación das barreiras de acceso a esa dimensión intelectual de auténtica planificación humana. Do contrario, intelectual e culturalmente falando, o Antigo Réxime manteríase en pé, a lacerante división entre as cultivadas elites e as xentes necesitadas da guía de pensar por si mesmos. Cidadanía plena é isto; por iso nos atrevemos a afirmar que non hai cidadanía, no senso máis fondo do termo, sen filosofía. Ese sería o modo cabal en que a democracia viña a cumprir o fondo nexa que Aristóteles formulara entre o home como ser de lógos, de razón e palabra, e como ser de pólis.

E, con todo, énos aquí hoxe na triste situación de ter que reivindicar para as nosas escolas que esta ensinanza non desapareza. Por se mesmo isto representa xa o síntoma dunha grave crise no noso sistema educativo, o que é máis preocupante nun contexto nada pasaxeiro de fondos cambios de todo tipo (tecnolóxicos, sociais, económicos, políticos, comportamentais, de valores) que afectan fondamente ás nosas vidas, que teñen como un dos seus efectos máis relevantes a perda de sentido, de orientación no mundo, de seguridade nas pautas e formas conductuais que gobernan a nosa existencia, un xeral non saber a que aterse. Denominacións diversas, que circulan en todos os medios, nos que falan disto (anomia, crise de civilización, posverdade, poshumanidade, posdemocracia, sociedades líquidas...). Esta é a situación paradóxica, que cando as circunstancias do noso entorno nos demandan máis apremiantemente instrumentos conceptuais para saber confrontarnos a elas, aqueles se nos substraen, deixan de ofrecerse nos nosos programas educativos. Unha orientación pragmatista, de adaptación

inmediatista ás demandas de certo mercado, lamina progresivamente o equipamento teórico dos nosos e das nosas escolares, quedando exposto/as, inermes para enfrontarse autónomamente ao seu mundo. E non cabe dúbida que unha boa parte do arsenal que nos arma ante iso atópase no pensamento dos mais grandes, niso que se chama Historia da Filosofía.

Nos últimos tempos, no estado español, se veñen producindo distintas modificacións no sistema educativo que na súa diversidade conflúen nunha progresiva retirada da educación en filosofía. A última é a representada pola chamada lei Wert, que comporta a supresión da Historia da Filosofía como materia común para o alumnado que culminan o seu bacharelato. Por primeira vez vaise dar a situación de alguén que obtendo o título dun ensino ao que se aspira podan acceder toda a cidadanía, aos seus dezoito anos, capaz de elixir e ser elixido/a na área pública, que se incorpora ao mundo do traballo ou continúa estudos superiores xa especializados, non vai saber sequera quen é Aristóteles ou Kant, o que non sería máis que unha deficiencia, por clamorosa que fora, na súa preparación, se non comportara unha remediación intelectual e humana na súa equipaxe para confrontarse o seu mundo como individuo e suxeito cidadá pleno.

Por todo isto o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación polo Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Concello de Santiago insta,

1.-A Consellería de Educación a realizar, no marco das súas competencias, as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do Bacharelato a obrigatorio da Historia da Filosofía como materia troncal.

2.-Ao Ministerio de Educación do Goberno do Estado a propiciar nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia.

2.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 212, en favor da economía circular e de proximidade.

Marta Lois González, concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grao de desenvolvemento económico e tecnolóxico logrado polo primeiro mundo non se pode explicar sen termos en conta o nivel de degradación ambiental que leva parello. Desde hai décadas os ámbitos académico, activista e político colocaron a cuestión

ecolóxica na axenda pública global, mentres que desde o ámbito local comezou a tomarse consciencia da importancia de actuar sobre a economía e a política en defensa do medio natural e da biodiversidade.

Neste período histórico nace a economía circular como paradigma alternativo de modelo económico que peche o círculo do deseño, a produción, o consumo e a xestión de residuos, combatendo os problemas ambientais globais como o cambio climático, a crecente escaseza de recursos e os seus efectos sobre a vida no planeta, impulsando a transición cara unha economía baixa en carbono e promovendo a preservación dos recursos naturais.

Sendo coherentes coa filosofía da economía circular as administracións públicas deberan pasar de ‘producir, usar e desbotar’ a ‘producir, usar e reciclar’, convertendo os residuos en recursos, orientando a produción de bens reparables, actualizables e reciclables ao cento por cento, activando a compra pública de produtos verdes ou regulándoa a través de cláusulas de contratación sustentable e impulsando toda forma de economía de proximidade que reduza ou elimine os custos económicos e ambientais do transporte.

A Unión Europea ten asumido como propias algunhas das directrices do movemento internacional pola economía circular, se ben ten evitado profundar naqueles aspectos máis problemáticos para as contas de resultados das grandes empresas transnacionais. As novas disposicións aprobadas pola Comisión Europea e o Parlamento Europeo son limitados e intégranse no actual dogma da competitividade, do impulso do negocio público-privado e da redución do sector público, no canto de desenvolver e promover un novo marco regulador da actividade económica máis acorde cos retos ambientais que o mundo ten no presente.

Así, por exemplo, a economía de proximidade, que é inherente á filosofía da economía circular, segue sen plasmarse nas leis europeas e dos estados membros, aducindo que apoiar aos fornecedores locais quebrantaría a unidade de mercado e a competencia. Do mesmo xeito, a proliferación de tratados como o TTIP promove a importación de produtos alimentarios en detrimento da produción autóctona. Revélanse aquí as enormes incoherencias nas políticas da Unión. Fala de promover a produción propia e abre as portas a produtos foráneos de baixa calidade. Apoia o comercio xusto que favorece prácticas de desenvolvemento sustentable en terceiros países pero obstaculiza a economía local ou de proximidade. Ao parecer, segundo os poderes europeos só é circular e sustentable aquilo ditaminado polos prezos de mercado, un mercado que como todas sabemos é ineficiente e adoece de numerosas externalidades, precisando regulacións e límites.

Neste sentido as cidades europeas debemos materializar desde o local o noso compromiso irrenunciable coa economía circular e de proximidade, comprometéndonos a levar á práctica os principios da economía circular na súa integridade, desenvolvendo estratexias de urbanismo sustentable e de articulación do medio rural, mais tamén reclamando a superación do timorato marco legal existente para ir máis alá das medidas superficiais que se despregan ante nós para agochar as verdadeiras políticas antisociais e antisustentables da Unión.

Fronte ás políticas que interesan aos grandes grupos económicos a economía circular e de proximidade promove un modelo de desenvolvemento urbano sustentable, inclusivo e resiliente, impulsando a demanda de actividades económicas xeradoras de bens e servizos ambientais, traducíndoas en emprego verde e emprego social de maior calidade e valor engadido, amortecendo os impactos ambientais e climáticos, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro e eliminando os impactos sobre a saúde das persoas que causa o actual modelo de desenvolvemento económico.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela a adopción das seguintes

RESOLUCIÓN

1. Instar á Unión Europea, aos Estados membros e á Xunta de Galicia a incorporar os principios da economía de proximidade no marco legal, en particular ás disposicións sobre contratación pública, promoción do emprego, protección ambiental e comercio.
2. Instar á Unión Europea, aos Estados membros e á Xunta de Galicia a fornecer ás Entidades Locais con programas e liñas de financiamento para desenvolver programas e proxectos de desenvolvemento da economía circular e de proximidade, favorecedoras do vertido cero, a reciclaxe, o emprego e o comercio local, a redución das externalidades, a adopción do ecodeseño, o fomento da compra pública de produtos verdes e de proximidade, a cooperación multinivel entre Administracións e a creación dun banco de boas prácticas.

3.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 216, en apoio á traballadora de Unipost despedida por estar embarazada.

Marta Lois González, Concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de maio, luns, a delegación local da empresa Unipost despedía a unha das súas traballadoras “por non ter superado o período de proba satisfactoriamente”. A mencionada traballadora tiña un contrato en período de proba, a tempo parcial, e cun salario de 527 € segundo a última nómina.

A rescisión do contrato produciuse tan só tres días despois de que comunicase (o venres 26 de maio) o seu embarazo de dez semanas. Ese mesmo día, e en presenza de representantes sindicais, un responsable da empresa transmitira á traballadora a satisfacción co seu desempeño laboral, o cal contrasta co despido comunicado na seguinte xornada de traballo.

A empresa, legalmente, tiña dereito a rescindir o seu contrato en período de proba, sempre e cando a decisión non estivese motivada por razón discriminatoria que violase o artigo 14 da Constitución Española, ou por vulneración de calquera outro dereito fundamental, tal e como recolle reiteradamente a doutrina do Tribunal Constitucional.

Por ese motivo, tras o seu despido, a traballadora presentou unha demanda contra Unipost, por considerar que o comportamento da empresa responde a “unha represalia por parte da demandada pola especial situación da traballadora, quen comunicara a súa situación de embarazo na xornada laboral anterior ao cese. Resulta patente que [a traballadora] foi sometida a un trato discriminatorio por razón de sexo con motivo do seu embarazo, perdendo o seu traballo pola dita causa, en situación de especial vulnerabilidade”.

O vindeiro día 20 de xuño terá lugar un acto de conciliación entre ambas partes, durante o cal a traballadora solicitará que a empresa recoñeza a nulidade ou a improcedencia do despido, procedendo a unha indemnización polos danos morais causados.

O despido de mulleres traballadoras polo feito de ter concibido é, ademais dun feito ilegal, unha conduta discriminatoria, e que afecta contra varios piares fundamentais da nosa sociedade: desde a igualdade e a non discriminación por razón de sexo; á posibilidade de que as persoas vivan a súa vida, desenvolvéndose en plenitude tanto na esfera do persoal como do laboral; ou á nosa propia pervivencia. Obrigar ás mulleres a optar entre ser nais ou traballar, tal e como sucede na actualidade, crea un serio problema social, que xa hoxe se manifesta nunha situación demográfica cada vez máis envellecida e sen remprazo xeracional, con todo o que isto implica.

Polo exposto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta insta ao Pleno do Concello á adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- O Concello de Santiago de Compostela apoia as reivindicacións de todas as traballadoras despedidas de xeito discriminatorio por razón de sexo con motivo do seu

embarazo, así como todas as mostradas de discriminacións sexistas no ámbito laboral contra as persoas traballadoras polo mero feito de ser mulleres, e rexeita contundentemente este tipo de condutas.

2.- O Concello de Santiago de Compostela apoia as reivindicacións da traballadora A.M.P.G., despedida o pasado 29 de maio, inmediatamente despois de comunicar o seu embarazo á empresa contratante, e solicita a esta última que reconsidere a súa posición neste caso, así como que revise a súa política laboral global, para asegurarse de que non se producen tratos discriminatorios contra as mulleres por razón de sexo.

3.- O Concello de Santiago apoia as políticas empresariais que apostan pola conciliación da vida profesional e persoal, reforzando a protección dos dereitos laborais das mulleres nos períodos de embarazo e baixas maternais.

EMENDA.-

1.- Rexistro de entrada do día 15 de xuño de 2017, núm. 226, emenda de modificación/adición á moción do grupo municipal Popular, relativa a impulsar a incorporación do corpo da Policía Local ao “sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”.

Engadir un punto cuarto na súa parte resolutiva:

“Cuarto.- Instar ao Estado español e á Xunta de Galicia a incrementar os recursos económicos suficientes para mellor o sistema de loita contra a violencia de xénero, entre os que se atopan aqueles necesarios para ampliar os efectivos do Corpo da Policía Local.”

“O Concello de Santiago adoptará as medidas necesarias para cumprir a normativa municipal e garantir o descanso da veciñanza.”

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

1.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 213, sobre a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico en Galicia.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista de Santiago de Compostela desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividades económicas máis importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorece o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgúns casos como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existiu un gran consenso no sector sobre a necesidade de regular esta nova tendencia.

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, debía nacer pois coa intención de establecer a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia e regular as vivendas de uso turístico, sempre que cumpran os requisitos establecidos, partindo dun consenso que, a todas luces, se ve que non existiu.

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixa algúns dos aspectos que recolle o decreto xa aprobado, e que está a piques de entrar en vigor.

Incluso o requirimento feito pola CNMC significa un paso previo ao xa anunciado, de non terse en conta o dito requirimento, contencioso-administrativo ante o TSXG. Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos Tribunais Superiores de Xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal esta MOCIÓN, instando á Xunta de Galicia a:

1º) Tomar en consideración os requirimentos da CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia), e as peticións realizadas polo sector para modificar nos termos precisos o Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Adiar a entrada en vigor do Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos en seis meses ata a súa modificación, de tal xeito que recolla os requirimentos da CNMC, en moitos casos coincidentes coas peticións do

propio sector, evitando dese xeito a interposición de procesos xudiciais que obriguen finalmente á modificación do decreto.

2.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 214, relativa ao peche de camas que afecta á sanidade pública na nosa cidade.

A Xunta de Galicia ten unha importante asignatura pendente coa nosa cidade desde o inicio desta lexislatura, na que se vén reivindicando tanto a construción do centro de saúde de Conxo como a execución do plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, todo iso co obxectivo de que se presten servizos adecuados á poboación asentada na capital de Galicia e a área sanitaria de Santiago.

Non debemos esquecer que o Complexo Hospitalario de Santiago atende a 396.505 habitantes do Área Sanitaria de Santiago e é referente para os 740.904 habitantes da Rexión Sanitaria Centro e, para iso, presenta unha oferta de recursos consistente en tres hospitais médico-cirúrxicos, que engloban 1.091 camas en funcionamento e 4.077 traballadores sanitarios e non sanitarios que prestan os seus servizos no Complexo.

No Área Sanitaria de Santiago, a cidadanía vén observando como nas Leis de Orzamentos de 2010 a 2017 da Xunta de Galicia, o gasto público en Atención primaria e no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago caeu no seu conxunto, o que provocou unha espera media cirúrxica a 31 de decembro de 2016, de 72,6 días, mentres a espera media da C.A. de Galicia sitúase en 67,5 días. Nestes momentos, no Área sanitaria de Santiago hai 6.029 persoas á espera dunha intervención cirúrxica e 27.367 pacientes á espera dunha primeira consulta diagnóstica, así como 10.135 persoas esperando por unha proba complementaria de diagnóstico. En total, no área sanitaria de Santiago esperan 43.535 persoas en lista de espera estrutural.

Esta situación deteriorarase aínda máis, durante os meses de xullo a setembro, debido ao peche anunciado de 140 camas que representan o 12,8% do total en funcionamento no Complexo Hospitalario de Santiago, e significa un número de camas case igual ao conxunto dos hospitais de Ribeira e Cee.

O impacto que ten na asistencia sanitaria hospitalaria o peche de tan importante e crecente número de camas, se evidencia cando, por aplicación da fórmula de Briegman: o cálculo do número de ingresos potenciais atendendo a un índice de ocupación do 82,2%, unha Estancia Media global de 9,54 días (ambos datos recollidos para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago na última Memoria de xestión publicada polo Servizo Galego da Saúde), tendo en conta o número de camas pechadas este verán por devandito Complexo Hospitalario, observamos que nos meses de xuño a setembro, deixaran de ingresar 1.085 enfermos, o que supón o 18 % dos pacientes en lista de espera estrutural do Complexo.

A crise económica non pode converterse nunha escusa para esta situación, pois non son admisibles baixo ningún concepto os recortes en gasto sanitario que a área de Santiago leva sufrindo ao longo destas tres lexislaturas de Goberno conservador. O atraso na execución das infraestruturas comprometidas, colocan a esta cidade nunha situación de desvantaxe respecto de outras cidades galegas que, entre outras cousas, si recollen no orzamento do SERGAS a execución dos plans directores dos seus hospitais.

En atención a todo o anterior, propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia para que se dote ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, de forma inmediata, dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento, durante o período estival, o número total de camas que permita reducir, de forma significativa, tanto a lista como o tempo de espera de hospitalización no Área de Santiago.

3.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2017, núm. 215, relativa ao servizo de mantemento, conservación e mellora da senda fluvial de Brañas de Sar.

No Grupo Municipal Socialista veñen de recibirse moitas queixas respecto do desbroce e limpeza da senda fluvial que transcorre á beira do Sar, desde Fontiñas ata Ponte Pereda en Conxo.

É certa a necesidade de controlar periodicamente o crecemento da herba e o desbroce, así como a corta ou poda dos matorrais, brotes, ramas e todo tipo de vexetación que crece na superficie e nas marxes do río e que dificultan a correcta circulación e utilización desta senda tan frecuentada pola veciñanza de Compostela.

Débese tamén ter en conta a necesidade de limpeza dos elementos vencellados ao funcionamento da drenaxe da senda (cunetas, medias cañas, entubados, desagües, caños, canaletas, etc), así como a retirada de pedras, desperdicios e calquera outro obxecto que habitualmente invade a contorna.

Coa fin de evitar este problema de mantemento periódico nunha senda cada día máis utilizada polos viandantes, o Grupo Municipal Socialista considera importante que o goberno municipal estude a posibilidade de iniciar un procedemento de contratación, mediante procedemento aberto, para o servizo de mantemento, conservación e mellora da senda fluvial á beira do río Sar, tramo comprendido entre as Fontiñas e Ponte Pereda en Conxo, reservado a centros especiais de emprego de acordo co disposto no art. 42 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social das persoas con diversidade funcional,

así como o Real Decreto 2273/1985, de 4 de decembro, polo que se aproba o regulamento dos centros especiais de emprego.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para á súa aprobación a seguinte

MOCIÓN:

Que o goberno municipal inicie un procedemento de contratación cuxo obxecto sexa o servizo de mantemento, conservación e mellora da senda fluvial á beira do río Sar, tramo comprendido entre as Fontiñas e Ponte Pereda en Conxo, reservado a centros especiais de emprego.

4.- Rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2017, núm. 220, sobre a modificación do Regulamento do servizo de transporte urbano de automóbiles de aluguer con condutor.

A seguridade viaria debe ser, sen lugar a dúbidas, un dos principais obxectivos para as autoridades competentes na materia de cara a acadar a meta de cero accidentes nas estradas e rúas dos nosos municipios. Polo tanto, todos os esforzos que se fagan ao respecto por parte das autoridades competentes en tráfico son poucos. A este respecto, as campañas e controis de consumo de alcohol e drogas constitúen unha das ferramentas para detectar posibles infraccións que poden ter, como por desgraza constatamos, consecuencias trágicas.

Cada infracción que se comete supón un risco potencial de accidente, pero no caso do transporte de viaxeiros -sexa autobús ou taxi-, o consumo de alcohol e/ou drogas supón un engadido.

No caso do Concello de Santiago, hai que lembrar que o ano pasado dous condutores de taxi foron interceptados pola Dirección Xeral de Tráfico conducindo baixo os efectos do alcohol e/ou drogas, e hai uns días aconteceu o mesmo con outro, neste caso con positivo por consumo de alcohol. Neste último caso, algunhas fontes aseguran que ás dúas horas xa estaba de novo traballando co taxi.

Dende o propio sector, resulta necesario tomar as medidas necesarias para sancionar a estes infractores que, como subliñan, ademais de poñer en risco ás persoas que viaxan no vehículo, danan a imaxe dun sector que ten amosado dende sempre a súa profesionalidade. O problema radica en que, polo menos nos casos do pasado ano, se trata de empregados de taxis e non de titulares da licenza -que si é o interceptado hai uns días-, e nese caso o competente de retirar o permiso é o Concello de Santiago. Pero, para iso, habería que modificar o Regulamento do Servizo de transporte urbano en

automóviles de aluguer con condutor, publicado no BOP da Coruña o 8 de setembro de 1990, no seu artigo 22, que se refire ás causas polas que o Concello pode revocar as licencias.

De feito, existen casos noutros concellos de Galicia no que se recolle esa opción, como Vigo, en cuxa Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade, publicada polo BOP de Pontevedra o 11 de marzo de 2015, contempla a posibilidade de revocar a licenza por “conducir o vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes”.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción do seguinte **ACORDO**:

1- O Goberno municipal procederá á modificación do artigo 22 do Regulamento do Servizo de Transporte urbano en Automóviles do Concello de Santiago de Compostela, para incluír a posibilidade de revocar as licenzas aos traballadores de taxi que conduzan o vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes, e así contribuír a mellorar a seguridade viaria e a imaxe dun sector que reclama de forma amplamente maioritaria esta medida.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2017, núm. 217, pola situación que se está a vivir na rúa Fernando III O Santo, por mor dun local de ocio.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios do mes de abril, o Grupo Municipal do Partido Popular formulou unha serie de preguntas sobre o operativo da policía local e a esixencia de responsabilidades administrativas impulsadas polo goberno de Compostela Aberta ante a situación que se está a vivir na rúa de Fernando III o Santo, nas inmediacións dun local de ocio.

Malia ter transcorrido o tempo lóxico e regulamentario que o goberno de Compostela Aberta tiña para dar resposta ás preguntas escritas, non se deu contestación á preocupación mostrada polo Grupo Popular.

Tal ausencia de resposta constitúe un indicio de que, sendo incuestionable a preocupación da Policía, pode ser moi escasa a implicación do goberno municipal na

resolución dun problema que afecta tanto á convivencia como á propia seguridade cidadá, causando un menoscabo nos dereitos dos veciños e xerando unha situación de lóxica alarma social.

É por todo o exposto que desde o Grupo Municipal do Partido Popular propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno municipal a:

Primeiro.- Que se garanta a presenza permanente, nos tramos horarios de maior risco, das unidades da Policía Local necesarias para disuadir comportamentos incívicos e para dar tranquilidade aos residentes da rúa de Fernando III o Santo.

Segundo.- Que, previos os trámites e requisitos preceptivos, se proceda á instalación dun sistema de videovixilancia no tramo da rúa onde se están a rexistrar graves problemas de convivencia e seguridade.

Terceiro.- Que se tramiten sen dilación e de acordo cos principios do dereito sancionador os expedientes polas infraccións cometidas na citada rúa.

Cuarto.- Que o goberno municipal impulse a incorporación á Ordenanza de Convivencia dunha habilitación á Policía semellante a que se prevé na Ordenanza Tipo de “Seguridad y Convivencia Ciudadana” da FEMP, cuxo artigo 178.1 dispón que *“los agentes de la autoridad exigirán en todo momento el cumplimiento inmediato de las disposiciones previstas en esta Ordenanza y, sin perjuicio de proceder a denunciar las conductas antijurídicas, podrán requerir verbalmente a las personas que no respeten las normas para que desistan en su actitud o comportamiento, advirtiéndolas de que en caso de resistencia pueden incurrir en responsabilidad criminal por desobediencia”*, e cuxo punto terceiro sinala: *“En caso de resistencia a estos requerimientos, y sin perjuicio de lo que se dispone en el apartado 1 de este artículo, las personas infractoras podrán ser desalojadas, cumpliendo en todo caso con el principio de proporcionalidad”*.

2.- Rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2017, núm. 218, para impulsar a incorporación do corpo da policía local ao “sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os máis de dez anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (LOMPIVG), produciuse un intenso labor de desenvolvemento normativo para abordar a violencia de xénero en todos os niveis da Administración, incluída a Administración local. Deste xeito, aprobáronse sucesivos plans específicos orientados á prevención, asistencia e protección da violencia de xénero, como a vixente Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller e o II Plan Integral de Loita contra a Trata de Mulleres e Nenas con fins de explotación sexual.

O Estatuto da vítima do delito, en vigor desde abril de 2015, contén igualmente referencias á normativa especial en materia de vítimas con particulares necesidades ou con especial vulnerabilidade, cuestión que resulta de total e directa aplicación no marco da intervención protectora por parte do conxunto das administracións públicas; e a este marco veu a incorporarse o ano pasado a instrución 7/2016, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero e de xestión da seguridade das vítimas.

A coordinación institucional resulta un factor clave para alcanzar os obxectivos legais e conseguir unha maior protección das mulleres vítimas de maltrato. A coordinación configúrase como un dos medios máis eficaces para erradicar estes comportamentos antisociais, por canto serve para reforzar a prevención, aumentar a sensibilización e a conciencia social, permitir a facilidade da denuncia, unha atención integral e personalizada da vítima, así como o control do maltratador.

Este compromiso de traballar conxuntamente para mellorar os sistemas de loita contra a violencia de xénero e de acadar un Pacto de Estado nesta materia está rubricado en ambas cámaras das Cortes Xerais. Así o Senado, a raíz da presentación dunha proposta de Moción do Grupo Parlamentario Popular, asinada por todos os grupos da Cámara, aprobou unha declaración institucional, na sesión da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas celebrada o pasado 27 de marzo, cuxo apartado 3.2 propón textualmente:

“Revisar e reforzar os protocolos vixentes para mellorar tanto a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas como a detección temperá para evitar que as agresións poidan producirse, para o que é necesario garantir o mantemento da rede de atención directa ás vítimas en todos os niveis, especialmente na Administración local por ser a máis próxima aos cidadáns”

O Ministerio do Interior ten elaborado un Acordo de Colaboración municipal para a cooperación e colaboración da Policía Local no Sistema de Seguimento Integral das Vítimas “Viogen” que se configura como un instrumento valioso para a loita contra a violencia de xénero. Un sistema que se activa cando as forzas e corpos de seguridade do

Estado teñen coñecemento dun posible caso de violencia de xénero e se pon e marcha un seguimento personalizado e periódico da vítima, determinando as medidas de protección máis axeitadas en función do nivel de risco.

É unha forma optimizar os recursos humanos e materiais dos que dispoñen as forzas e corpos de seguridade existentes en cada concello, incorporando á policía local cuxa participación é moi importante, posto que a violencia de xénero ten o seu principal escenario no fogar e, polo tanto, o coñecemento inmediato e persoal da policía local é un activo fundamental para a incorporación ao sistema. Segundo datos do Ministerio do Interior, no primeiro trimestre de 2017 a cifra de concellos que se teñen adherido ao sistema Viogen en España rolda os 300.

Desde o Grupo Municipal Popular consideramos que o Concello de Santiago podería adherirse a este sistema e participar así de forma máis activa contra esta clase de delitos e crimes de violencia machista que moitas veces se producen na intimidade familiar onde a vítima é máis débil.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Incorporar o Corpo de Policía Local do Concello ao “Sistema de Seguimento Integral dos casos de violencia de xénero”, conforme ao modelo de acordo de colaboración que promove o Ministerio do Interior.

Segundo.- Iniciar a tramitación do expediente a través da correspondente Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller adscrita á Subdelegación do Goberno da Coruña, de acordo coa Guía de tramitación para a incorporación da Policía Local ao “Sistema Viogen”.

Terceiro.- Facultar ao alcalde para a sinatura do Acordo de Colaboración entre o Concello e o Ministerio do Interior co fin de formalizar a incorporación á que se refire o acordo primeiro e de cantas xestións resulten necesarias para este fin.

3.- Rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2017, núm. 219, sobre a limpeza e adecuación do campo da festa e cruceiro en Piñeiro do Eixo.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de San Cristovo do Eixo esténdese polo sur do territorio municipal entre Aríns, Marrozos, Cacheiras e Os Tilos, tendo como unha das súas vías de comunicación máis antiga e importante o camiño real entre Ourense e Santiago, por onde transitaban – e seguen a transitar- os peregrinos procedentes das terras de Castela e do sur peninsular no que se deu en chamar a “Vía da Prata”, denominación dun dos tradicionais camiños a Santiago.

Precisamente, a beira dese camiño de peregrinación, pouco despois de pasar a capela e a ponte de Santa Lucía, éntrase en Piñeiro do Eixo. No medio do núcleo sitúase un eirado con palco, dependencias e outros elementos de urbanización. que ata hai poucos anos centralizaba os actos festivos da parroquia, singularmente as festas patronais e o entroido. Aínda que na actualidade a maior parte dos actos das festas se celebran no campo existente nas proximidades da capela da Santa Lucía, por mor das esixencias de espazo das orquestras e atraccións, o certo é que a centralidade do antigo campo de Piñeiro segue a conferirlle unha destacada importancia para certas celebracións, ademais de servir de punto de encontro e lugar de reunión da asociación de festas da parroquia.

Malia esa centralidade e a referencia que supón para a veciñanza, este campo da festa ofrece un aspecto de abandono que é preciso remediar. A abundante vexetación, os restos de ramallos e mesmo en ocasións o depósito de diversos materiais na súa superficie, supoñen un impacto ambiental negativo para os naturais da parroquia, mais tamén para todas as persoas que, cada paso en maior número, transitan polo antigo camiño real e rota de peregrinación. Unha imaxe negativa que incrementa o estado do cruceiro que se ergue nas proximidades, á beira do camiño, que tamén precisaría dunha acción de limpeza e posta en valor en consonancia coa súa feitura e coa súa privilexiada situación.

A vista do anterior, e ante a proximidade da celebración das festas patronais do san Cristovo do Eixo, que terán lugar no vindeiro mes de xullo, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que acometa, coa maior brevidade posible, a limpeza e adecuación do campo da festa de Piñeiro do Eixo, así como o seu contorno, incluíndo o cruceiro situado á beira do Camiño Real e Vía da Prata que discorre polas inmediacións.

En relación ás mocións presentadas polos grupos políticos municipais e rematado o debate das mesmas, adoptáronse os seguintes acordos:

En relación á moción do grupo municipal do BNG, relativa a reurbanización da rúa do Valiño, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda executar de urxencia as obras da rúa do Valiño comprometidas en sesión plenaria para satisfacer ás demandas dos/as veciños/as.

Antes de proceder á votación da segunda das mocións, os/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular abandonan o salón de plenos e xa non se reincorpan ao resto da sesión.

Con respecto á moción do BNG relativa ás notificacións de tráfico, o Pleno da Corporación, por 5 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda que o Concello realizará, de urxencia, as xestións oportunas para a recuperación da prestación do servizo público de notificacións de tráfico a través da empresa pública Correos e Telégrafos, que foi recentemente privatizado.

No que ten que ver coas mocións dos grupos municipais do BNG e de Compostela Aberta, de apoio á veciña de Compostela despedida por estar embarazada, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acordan:

1.- Apoiar as reivindicacións de todas as traballadoras despedidas de xeito discriminatorio por razón de sexo con motivo do seu embarazo, así como todas as mostras de discriminacións sexistas no ámbito laboral contra as persoas traballadoras polo mero feito de ser mulleres, e rexeita contundentemente este tipo de condutas.

2.- Apoiar as reivindicacións da traballadora A.M.P.G., despedida o pasado 29 de maio, inmediatamente despois de comunicar o seu embarazo á empresa contratante, e solicita a esta última que reconsidere a súa posición neste caso, así como que revise a súa política laboral global, para asegurarse de que non se producen tratos discriminatorios contra as mulleres por razón de sexo.

3.- Apoiar as políticas empresariais que apostan pola conciliación da vida profesional e persoal, reforzando a protección dos dereitos laborais das mulleres nos períodos de embarazo e baixas maternas.

Auséntase da sesión, o señor Don Rubén Cela.

Seguidamente, o Pleno da Corporación, adoptou por unanimidade dos presentes, a seguinte declaración institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG) e que substitúe á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da filosofía no ensino:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN DEFENSA DA FILOSOFÍA NO ENSINO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe acordo unánime en que a filosofía é unha das dimensións máis profundas na formación, na constitución intelectual, e non só intelectual, dunha persoa; en que a filosofía, antes que unha determinada especialidade dun conxunto de profesionais, é algo ao que todo o mundo está chamado, pois dalgún modo todo o mundo, segundo os momentos, faise preguntas filosóficas, medita, pensa filosoficamente, fai verdade o *dictum* de que “todo ser humano é filósofo”. Non existe menor unanimidade en considerar a filosofía, e así o foi tradicionalmente, como un certo culmen na formación, sen o cal todo o construído ata aí parecería quedar inacabado, incompleto, sen que se puidese reafirmar, ao tempo que redimensionar, todo o aprendido.

E, certamente, a filosofía como unha reflexión de segundo grao, que se fai cargo das ciencias, dos saberes e das accións, e, en definitiva, da experiencia humana, para preguntarse acerca de todo iso, para os contemplar nas súas articulacións, na súa posible totalización, representa un nivel de integración dos saberes e prácticas, de conciencia sobre o admitido e feito, sobre o dado e o posible, que cando falta non é tan só unha mera lagoa de saber o que se produce, senón a falla de consolidación do aprendido se lle une unha especie de incompletitude formativa, humana que podería recollerse sinxelamente como un estado de desorientación, de quebra de conciencia, de certa vulnerabilidade intelectual.

Toda a tradición europea -desa Europa da que non ten sentido falar sen os nomes de Heráclito, Platón, Aristóteles, Descartes, Espinosa, Hume, Kant, Hegel, Marx, Nietzsche, Beauvoir, Arendt..., da que non pode falarse sen a filosofía mesma- foi moi consciente deste lugar de reflexión filosófica, e por iso, de maneiras diversas, procurou dotar aos seus cidadáns cun ensino da filosofía o máis sistemático posible. En certo sentido, a democracia exixía que a formación na filosofía non fora reservada a unhas elites egrexias, as únicas, como o que sucedía coa teoloxía noutro tempo, que podían ter acceso ao que denominaban as grandes cuestións, as últimas preguntas, ao sentido ou o sen sentido de todo. A igualdade nos dereitos, o fin das barreiras sociais, demandaba, ao mesmo tempo, a eliminación das barreiras de acceso a esa dimensión intelectual de

auténtica planificación humana. Do contrario, intelectual e culturalmente falando, o Antigo Réxime manteríase en pé, a lacerante división entre as

cultivadas elites e as xentes necesitadas da guía de pensar por si mesmos. Cidadanía plena é isto; por iso nos atrevemos a afirmar que non hai cidadanía, no senso máis fondo do termo, sen filosofía. Ese sería o modo cabal en que a democracia viña a cumprir o fondo nexa que Aristóteles formulara entre o home como ser de lógos, de razón e palabra, e como ser de pólis.

E, con todo, énos aquí hoxe na triste situación de ter que reivindicar para as nosas escolas que esta ensinanza non desapareza. Por se mesmo isto representa xa o síntoma dunha grave crise no noso sistema educativo, o que é máis preocupante nun contexto nada pasaxeiro de fondos cambios de todo tipo (tecnolóxicos, sociais, económicos, políticos, comportamentais, de valores) que afectan fondamente ás nosas vidas, que teñen como un dos seus efectos máis relevantes a perda de sentido, de orientación no mundo, de seguridade nas pautas e formas conductuais que gobernan a nosa existencia, un xeral non saber a que aterse. Denominacións diversas, que circulan en todos os medios, nos que falan disto (anomia, crise de civilización, posverdade, poshumanidade, posdemocracia, sociedades líquidas...). Esta é a situación paradóxica, que cando as circunstancias do noso entorno nos demandan máis apremiantemente instrumentos conceptuais para saber confrontarnos a elas, aqueles se nos substraen, deixan de ofrecerse nos nosos programas educativos. Unha orientación pragmatista, de adaptación inmediateista ás demandas de certo mercado, lamina progresivamente o equipamento teórico dos nosos e das nosas escolares, quedando exposto/as, inermes para enfrontarse autonomamente ao seu mundo. E non cabe dúbida que unha boa parte do arsenal que nos arma ante iso atópase no pensamento dos mais grandes, niso que se chama Historia da Filosofía.

Nos últimos tempos, no estado español, se veñen producindo distintas modificacións no sistema educativo que na súa diversidade conflúen nunha progresiva retirada da educación en filosofía. A última é a representada pola chamada lei Wert, que comporta a supresión da Historia da Filosofía como materia común para o alumnado que culminan o seu bacharelato. Por primeira vez vaise dar a situación de alguén que obtendo o título dun ensino ao que se aspira podan acceder toda a cidadanía, aos seus dezaioito anos, capaz de elixir e ser elixido/a na área pública, que se incorpora ao mundo do traballo ou continúa estudos superiores xa especializados, non vai saber sequera quen é Aristóteles ou Kant, o que non sería máis que unha deficiencia, por clamorosa que fora, na súa preparación, se non comportara unha remediación intelectual e humana na súa equipaxe para confrontarse o seu mundo como individuo e suxeito cidadá pleno.

Por todo isto o Concello de Santiago de Compostela insta,

1.-A Consellería de Educación a realizar, no marco das súas competencias, as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do Bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal.

2.-Ao Ministerio de Educación do Goberno do Estado a propiciar nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia.

O Pleno da Corporación, adoptou por unanimidade dos presentes, a seguinte declaración institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG) e que substitúe á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da economía circular:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ADHESIÓN Á “DECLARACIÓN DE SEVILLA: O COMPROMISO DAS CIDADES POLA ECONOMÍA CIRCULAR”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea e o Parlamento Europeo aprobaron un paquete de iniciativas para construír unha Economía Circular en Europa. Con este obxectivo preténdese desenvolver un novo paradigma de modelo económico que peche o círculo do deseño, a produción, o consumo e a xestión de residuos, creando así unha Europa ecolóxica, circular e competitiva.

Aínda que os problemas ambientais como a loita contra o cambio climático, o seu efecto sobre a biodiversidade e a crecente escaseza de recursos esixen solucións globais que están principalmente baixo a responsabilidade dos gobernos nacionais, tamén deben ser unha importante preocupación para as cidades e pobos europeos. O desenvolvemento urbano sustentable desde un enfoque integrado e as súas interrelacións co mundo rural, son un elemento fundamental para o desenvolvemento da innovación e a implementación de solucións para unha transición correcta cara a unha economía baixa en carbono e unha preservación dos nosos recursos naturais. Segundo Nacións Unidas, o 70% da poboación do planeta vivirá en cidades en 2050.

Unha economía circular, que transforme os nosos residuos en recursos, ofrece unha solución á crise ambiental que sufriremos co modelo económico de desenvolvemento lineal. Non podemos construír o noso futuro sobre o modelo de “colle, fabrica e tira”. A economía circular favorece que o valor dos produtos e materiais se manteña durante un maior tempo, que os residuos e o uso dos recursos se reduza ao mínimo e que os

recursos se conserven dentro da economía cando un produto chegou ao final da súa vida útil, co fin de volvelos a utilizar repetidamente e seguir creando valor.

En setembro de 2015 a cidade de París fixo un chamamento ás “cidades europeas en favor dunha Economía Circular”, que asinaron cidades como Ámsterdam, Bruxelas, Copenhague, Lisboa, Londres, Milán e Roma.

O pasado 15 de marzo, na cidade de Sevilla, realizouse unha xornada sobre “Economía Circular: o Compromiso das Cidades”, organizada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), o Concello de Sevilla e Ecoembes – organización ambiental sen ánimo de lucro que promove a sustentabilidade a través da reciclaxe de envases en España–, que tiña como obxectivo reflexionar sobre a importancia de impulsar o desenvolvemento sustentable nos municipios da Unión Europea. Nesta xornada, representantes das cidades e entidades asistentes, comprometéronse coa súa sinatura a:

- Promover un modelo de desenvolvemento urbano sustentable, inclusivo e resiliente, aumentando a demanda de actividades socioeconómicas xeradoras de bens e servizos ambientais, o que se traducirá en emprego verde e emprego social de maior calidade e valor engadido.
- Impulsar e apoiar o chamamento “Cidades por unha Economía Circular” que realizou a cidade de París en 2015.
- Resaltar o importante papel que teñen os gobernos locais nas accións de fomento e desenvolvemento dunha economía circular por ser a administración máis próxima e a que mellor pode previr os impactos ambientais, en colaboración cos seus veciños e veciñas.
- Incrementar os nosos esforzos por reducir os impactos ambientais, climáticos e sobre a saúde das persoas dos seus actuais modelos de desenvolvemento.
- Subliñar as consecuencias positivas que un cambio de modelo cara a unha economía circular suporía en termos de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Solicitar o apoio político e económico da Unión Europea e dos seus estados membros para o desenvolvemento de políticas locais en favor dunha economía circular, favorecendo o desenvolvemento de estratexias nacionais e rexionais e instrumentos de cooperación.
- Desenvolver estratexias locais en favor da economía circular que favorezan o vertido cero, a reciclaxe (especialmente dos biorresiduos), a redución dos desperdicios

alimentarios, o fomento do ecodeseño, da prevención de residuos, da reutilización e a reciclaxe e o fomento da compra pública de produtos verdes.

- Fomentar a cooperación entre administracións e desenvolver e compartir boas prácticas entre cidades, no marco de desenvolvemento de Estratexias Locais por unha Economía Circular.
- Involucrar á Comunidade Científica na investigación e no desenvolvemento de programas de economía circular e no apoio e desenvolvemento das estratexias locais.
- Fomentar os esquemas de gobernanza multinivel do territorio e mellorar a concienciación, sensibilización e participación das nosas veciñas e veciños nas accións locais de impulso dunha economía circular, transformando as persoas consumidoras en usuarias responsables e substituíndo o sentido da propiedade do produto polo sentido do servizo prestado.
- Potenciar o participado público-privado para favorecer alianzas entre os distintos actores involucrados do sector público, organizacións da sociedade civil e o sector privado. 3 No marco da xornada tivo lugar a presentación da Declaración de Sevilla, un texto que recolle nos devanditos once puntos as liñas de actuación a que se comprometen as cidades para favorecer a economía circular.

O 24 de marzo de 2017 a Xunta de Goberno da FEMP acordou por unanimidade recomendar a difusión entre as entidades locais españolas da “Declaración de Sevilla: o compromiso das cidades pola Economía Circular”, o que supón o compromiso das entidades locais coa Declaración de París e coas esixencias derivadas do paquete de medidas de economía circular aprobado polo Parlamento Europeo, un cambio co modelo económico, e solicitar a súa adhesión.

Por todo isto, todos os grupos políticos do Concello de Santiago de Compostela propoñen a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º Subscribir a “Declaración de Sevilla: o compromiso das cidades pola Economía Circular”, e asumir os pronunciamentos e compromisos que esta supón.

2º Trasladar á certificación do presente acordo á Secretaría Xeral da FEMP.

A moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico en Galicia, foi retirada.

Regresa ao salón de plenos o Sr. Cela Díaz.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, e en relación á moción do grupo municipal Socialista, relativa ao peche de camas que afecta á sanidade pública, acorda instar á Xunta de Galicia para que dote ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, de forma inmediata, durante o período estival, do número total de camas que permita reducir de forma significativa tanto a lista de espera como o tempo de espera para a hospitalización na área de Santiago.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, e en relación á moción do grupo municipal Socialista, relativa ao mantemento, conservación e mellora da senda fluvial de Brañas de Sar, acorda que o goberno municipal inicie un procedemento de contratación cuxo obxecto sexa o servizo de mantemento, conservación e mellora da senda fluvial á beira do río Sar, tramo comprendido entre as Fontiñas e Ponte Pereda en Conxo, reservado a centros especiais de emprego.

As mocións presentadas polo grupo municipal do Partido Popular para a sesión plenaria rexistradoscos números 217, 218 e 219, decaen por ausencia dos/as concelleiros/as do devandito grupo da sesión plenaria.

O Pleno da Corporación por 5 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, e en relación á moción do grupo municipal Socialista, sobre a modificación do Regulamento do servizo de transporte urbano, acorda que o goberno municipal proceda á modificación do artigo 22 do Regulamento do servizo de transporte urbano en automóviles para incluír a posibilidade de revogar as licenzas aos traballadores de taxi que conduzan o vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes, e así contribuír a mellorar a seguridade viaria e a imaxe dun sector que reclama de forma amplamente maioritaria esta medida.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:17 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández